



O FARELO

Nº7

Xullo de 2017

Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

Ruta polo
Vigo das
Irmandades
da Fala



Páxina IV

Cinenterraza
Cult Movies
ciclo en 35mm
na Coruña



Páxina V

Campos de
traballo en
Riós, Celanova,
Ourense e
Esgos



Páxina IX

Quinta
edición do
Festival Groba
en Ponteareas




Páxina XVI

Autores
galegos na
Fábrica do
Humor



Páxina XXII

XII Festa do
Viño Tinto
Rías Baixas
en As Neves



Páxina XXIV



**A Deputación de Pontevedra
achega 524.000€ para converter
ao Castelo de Sobroso nun espazo
de atracción turística**



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS


Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03

Opinión

Por Ramón Coira Luaces

Manuel Antonio

Manuel Antonio Pérez Sánchez foi o máximo representante do vangardismo poético en Galicia. Naceu en Rianxo en 1900 e finou en Asados (Rianxo) en 1930. Naceu no seo dunha familia conservadora. Con dous anos foise a vivir a Padrón e con catro anos ficou orfo de pai, que morreu de tuberculose. Estudou o bacharelato nun instituto de Compostela., onde comeza a súa militancia no galeguismo e no republicanismo, amosando unha actitude radical e rebelde. Relacionouse con Rafael Dieste. Tentou sen éxito alistarse na Lexión Estranxeira francesa durante a I Guerra Mundial, foi detido na fronteira e botou uns días no cárcere. Tamén quixo -igualmente sen éxito- participar na Revolución Rusa e nas guerrillas sandinistas de Nicaragua. Contaxiado polos movementos agraristas, participou cos seus poemas na loita anticaciquil. Fixo estudos de náutica en Vigo e iniciou es-



tudos -que non rematou- de Filosofía e Letras en Santiago. Participou na II, III e IV Asemblea Nacionalista Galega. Reci-

bía case todas as publicacións literarias e galeguistas da época e tamén algunhas estranxeiras. “O sol da liberdade” foi o seu primeiro poema editado. Colaborou en varias revistas e participou no consello de redacción de Ronsel. Xunto con Álvaro Cebreiro, publicou en 1922 o coñecido manifesto artístico ;Máis alá!. Fixo prácticas de piloto na mariña mercante. En Rianxo non tiña con quen compartir as súas inquedanzas artísticas, polo que acentuou o seu carácter solitario e individualista. A súa única obra poética publicada en vida foi De catro a catro (1928). Realizou tres viaxes a América a bordo dun buque holandés e faleceu prematuramente de tuberculose. En 1972 publicáronse postumamente Con anacos do meu interior, Foulas, Sempre e máis dispois e Viladomar, reeditándose tamén De catro a catro. No ano 1979 adicouselle o Día das Letras Galegas. En Rianxo seica ten unha casa museo, que aínda non vi-

sitei. Escollín como mostra este poema De catro a catro:



AO REVERSO DA NOITE

LUCEIROS degolados
deságranse de ouro no Mar

De par de nós
a Lúa
fai ronseis infecundos

Mentres sonea a mareta
vai folleando no libro das velas

Irredientos velamios exhaustos
resignados a pendurar da cruz

Estrelas inconscientes
mecanizan o obseso tic-tac

A auga toda dos océanos
ensumiuse nunha bágoa

E o pano branco do novo día
enxugará os ollos do ceo.

Por Nemésio Barxa

A Nação galega

Achégasenos um novo Dia da Patria Galega e penso que cada vez com menos “patria” e menos “nacionalismo”. Imos dimitindo da nossa identidade, tal vez por cansaço ou porque temos outros e acuciantes problemas quotidianos ou polas travas que atopamos na sociedade e no governo.

Todo isto é o que joga a favor dos que querem rematar com nossa identidade (nem melhor nem pior que qualquera outra, mas é a nossa), con nosso direitos como povo, cos nosso medios de produción, nossas potencialidades, nosta riqueza, os que queremos asimilarnos definitivamente.

A nosta supervivencia nacional fica debilitada polo atacante exterior e mais polo desleixo ou incluso participación ativa no ataque por parte de persoas no interior, mais interesadas na súa propia codicia, no seu egoísmo, que no benestar da poboación e na dignidade e supervivencia do país.

A metodoloxía para conseguir a asimilación é muito variada e cambiante segundo os tempos e momento históricos. Alguns tan sutis como a deturpación da historia de Galiza como país, como nação, negando a realidade e soberanía histórica para incluírte como dependente num ente político superior, qual o reino de Asturias, o reino de León ou o reino de Castela e depois a Espanha. Nos libros de texto de historia que se estudan nas escolas e ainda nos investigadores e historicistas de renome nem temos personalidade nem herois nem vida propia. Mas ningem nos explica porque Roma identifica o territorio conquistado

em difícil e longa luta, povoado por diversas tribus, como Gallaecia pasando a ser a provincia do Imperio que menos cambios territoriais suportou, con sua personalidade e identidade territorial. Depois, polo ano 409, o primeiro reino independente existente na península Ibérica foi o Suevo, precisamente no



solar da Gallaecia, que aproveita as mesmas estruturas políticas deixadas por Roma e perdura até o 586, chegando a vivir em harmonía e fusionadas as povoações xermánica e romano-galaica; da sua identidade dam conta os autores da época que se refirem a este reino como Regem Galiciae e a seus reis como rex Galiciensis; poucos dados de vida, sociedade, estrutura, etc., se nos proporcionam em nengum dos grãos de estudo obligatorio. Remata em derrota

polos visigodos, povo que pronto entra em decadencia por lutas fratricidas que deixa um pouco em dúbidas o grão de “autoritas” no territorio de Gallaecia até a invasão árabe em 711.

Que pasou nos anos escuros da invasão árabe? Na Galiza não houve assentamentos árabes, só correrías ou asaltos nos que as hostes chegavam, arrasavam e robavam e depois volviám a seu territorio ou se mantinham em alguns pontos estratégicos. Novamente a historia oficial nada nos dí de este terreo e povo ceives. Os visigodos fugiram para Asturias e alí comeza, segundo a historiografia oficial, a Reconquista, com total obscurantismo da situação na Galiza mentras que alguns historiadores informan como aquí se refugiaram os Bispos expulsos das suas Diócesis assim como da ajuda prestada por combatentes galegos aos de D. Pelaio. So comenzamos a coñecer algo mais polo miúdo quando Afonso I estabeleceu a capitalidade em Lugo. A historia que nos coñecemos aparece escrita desde a visão mais centralista, polo que é preciso escrever nosta hestoria desde dentro, desde a realidade

galega e de historiadores e investigadores galegos que, afortunadamente existem (como Camilo Nogueira, Ugio Breogán ou Anselmo López Carreira, entre outros, que aboga por uma historia na que Galiza sexa protagonista). Teríamos que revisar toda a Idade Media na que a historia furta ou nega que a Galiza existise como Reino; também a Moderna e ja não digamos a Contemporânea; teríamos que por em destaque figuras, desconhecidas ou ocultadas, que atuarom como ponta de

lanza da nosta personalidade e das nostas reivindicações; um estudo mais pormenorizado do Mariscal Pardo de Cela, cuio sargego permanece agachado na catedral de Mondonhede e a quem a historiografia oficial alcuma como traidor.. Vicetto e Murguía no século XIX reivindicavam a existencia da monarquia galega e do reino de Galiza (oculto no panteón da catedral de Compostela) que a historiografia espanhola transformou em reino de Asturias e León.

Para abreviar, pensemos como a Xunta, dependente e submissa ao centralismo madrilenho, se apropriou do mais insigne representante intelectual e político do nacionalismo galego, como é Castelao com aquele teatro de retorno dos seus restos mortais, em contra da vontade que deixou manifestada no seu testamento; mas do único que se apropria é de seu nome e de seus restos, alonxados por completo das suas teses e propostas políticas que lhe custarom desterro e posteriormente converterse em refugiado político. Atitude muito similar á da Igreja Católica que se apropriou dos lugares mágicos do paganismo para reconvertilos em lugares sagrados da religião cristiã. Mentras vemos como se perde a tradicional riqueza agrícola e gandeira da nosta patria, como se perde o idioma, como se perden estaleiros e pesca, como se perde nosso proprio sentimento de identidade... todo debido a uma política nefasta sometida aos intereses económicos de determinados persoeiros (sem andar mais longe o Sr. Villar Mir) e políticos do centralismo e totalitarismo espanhóis.

Não vale resistir. É preciso reagir.



Por Rafael José Adalid Rodríguez

Os xogos e as relacións entre persoas

Volve o verán e con el o incremento de poboación nas aldeas. Aínda que sexa por curto período, o retorno de emigrantes ou a chegada de veraneantes, supoñen unha revitalización do pobo cal fonte da xuventude para os seus buscadores. A xente nova volve aparecer nas aldeas e, con ela, a algarabía propia da mocidade, deixando por momentos esquecidos o abandono e o avellentamento que están a sufrir estas zonas.

Polo habitual, cando falamos deste grupo de poboación, fóra das festas da contorna ou dun festexo propio de calquera romaría; a xente máis nova tende a xuntarse entre ela, cos de fóra e coa pouca xuventude que aínda resiste no lugar, coñecendo a maioría xa doutros anos ou por mor das relacións familiares. Este achegamento que se produce entre eles supón algo máis que unha mera socialización, trae canda si un intercambio cultural, coñecementos e sabedoría do medio e do entorno que os rodea, do pasado herdado e alterado con novas achegas das costumes destas novas xeracións, que interrompen ou modifican en parte ese legado patrimonial, pero colaboran na conformación da identidade persoal e social.

Un destes legados do patrimonio cultural inmaterial ten que ver co xogo tradicional e co xogo popular, artes lúdicas das que sen centrarnos nos beneficios ou nas propiedades físicas que transmiten (coordinación, forza muscular...), mentais (imagination, formas de actuación, normas...),



Xogos de nenos, cuadro de Pieter Brueghel do ano 1560.

axudan cara a unha correcta interacción, á creación de coñecementos, cumprimentos de normas, regras... xunto con lazos temporais entorno á dualidade pasado-presente.

Do mesmo xeito que outros elementos culturais, os xogos cun carácter histórico

contéñen diferentes arquetipos que forman parte do seu medio, ocupando unha gran dimensión lúdica e educativa, converténdose en parte importante da convivencia do grupo social no que se desenvolve o suceso.

Estes posúen un gran valor socio-cultu-

ral que sobrepasa os aspectos lúdicos, pois cada xogo presenta diferentes características que, dependendo da zona na que se practica, muda na práctica ou só na nomenclatura, polo que cómpre destacar a internacionalidade de certos xogos, o seu carácter multicultural -para o tratamento da diversidade cultural...-. O xogo, polo tanto, confórmasse en elemento condutor da ensinanza e transmisor de valores: respecto pola diversidade, a consecución dunha educación para a paz e o camiño cara unha sociedade democrática.

Desta mostra espazo - temporal, temos unha gran proba do progresivo esquecemento que se manifesta nesta última ou últimas xeracións, persistindo na obra pictórica de Brueghel "o Vello", no cadro "Xogos de nenos", onde se amosa a cantidade de rapaces practicando máis de oitenta xogos perfectamente recoñecibles polos nosos avós e avoas; pero ós que pouca xente nova ou non tan nova aínda identificamos, aparellos dos que nin tan sequera lembramos xa a súa utilidade ou mesmo a maneira na que se interactúa con eles.

A billarda, brilé, carreiras de sacos, chapas, chave, corda, pano, peóns, porca, ra, roda, zancos... son algúns dos que temos presentes e de seguro que con algúns deles xogamos, mesturados con outros xogos durante as mañás, tardes e noites dos días estivais xunto coa botella, escondite, pilla a pilla, pita cega, stop, truco... parados só por mor da hora establecida polos nosos maiores de volver para a casa.

A Limia, comarca situada na provincia de Ourense, ocupa dende a amplitude que compón o patrimonio cultural, un lugar privilexiado dentro da xeografía galega, dado sobre todo o elevado número de legados culturais que se conservan por parte da súa sociedade.

A naturalidade coa que aínda se preserva o legado patrimonial segue vixente, non só mediante as diversas celebracións que acabamos de vivir estes días como a dos domingos fareleiro, oleiro, corredoiro o de piñata ou mesmo nos días propios de entroido.

En aras do patrimonio cultural material, atopamos cunha gran relevancia entre moitas infraestruturas a Torre de Sandiás ou o chamado Castelo da Saínza, edificio este último na que se sigue recreando unha loita de mouros e cristiáns. Fornos e muíños tiveron gran importancia durante séculos para a alimentación de moitas familias, empregados aínda na actualidade sobre todo para a recreación deses traballos artesanais. Oficios antigos da comarca que a expensas da inmaterialidade que envolve ás técnicas de traballo artesanais tradicionais, son visibles no Museo de A Limia en Vilar de Santos, con salas adicadas tamén á taberna antiga, a casa tradicional, o proceso de elaboración do liño e a lenda da Lagoa de Antela e a súa evolución histórica sufrida no tempo en diversos contextos históricos.

Moitas son as formas e variantes da tradición oral presentes nesta comarca, que

Patrimonio e Tradición oral na Limia



dende pequenos escoitamos ós nosos maiores: adiviñas, coplas, panxoliñas, poemas... as cuais seguen formando parte no día a día dentro da nosa vertente sociocultural. Nesta forma de expresión da oralidade tamén se inclúen os contos, mitos e lendas, normalmente empregados cun fin educativo, ensinante e de entretemento. Aínda que na actualidade, acatan máis a función de pasatempo.

Algunhas destas historias narradas, son

de gran importancia como factor atractivo para o turismo e polo tanto para a comarca, pero tamén para a historia deste recuncho. Identifícase así o río Limia co río do esquecemento, pois xurdira entre as tropas de Décimo Xuño Bruto a crenza de que ó cruzar ese río, quen o fixese, perdería a memoria. Bruto, sería o primeiro en cruzar demostrando a falsidade desa crenza ós soldados que conformaban esa incursión.

Sobre a lagoa de Antela, obra a crenza popular na existencia dunha cidade asolagada. Segundo unha das lendas que circula, ese asolagamento foi producido por castigo divino, ó non dar cobizo máis que unha anciá, a unha figura relixiosa. Outra, recolle que o asolagamento foi producido pola adoración dos veciños a un galo. Se ben, cómpre lembrar que en Galicia hai moitas localidades con crenzas sobre cidades somerxidas, aspecto común mantido en narracións de outros pobos considerados de procedencia celta.

Tamén se entrevistou a importancia da relixión nestas historias e ó longo da comarca, pois os seus personaxes recrean historias e dan nome a pobos. Así en Santa Marta no concello de Vilar de Santos, crese que a Santa liberou ó pobo dunha gran serpe que atemorizaba ós veciños. Animal que se recollen noutras narracións como na da fonte da Cardeita, onde no día de San Xoán, saía unha persoa vítima dun meigallo con aspecto de enorme serpe levando consigo un caravel na boca. En Baltar, tamén contaban a existencia dunha serpe moi grande entorno a uns penedos.

Prolifera tamén historias con personaxes mitolóxicos, como a dos mouros e mouras ó longo desta extensión comarcal. Citando desta maneira a da Fonte do Mouro ou a Fonte da Moura no concello de Sandiás, aínda que as súas aparicións se dean tamén neste territorio na montaña ou en penedos, como no denominado Penedo da Campa dos Mouros en Baltar.

Reportaxe

Redacción VIGO

Unha ruta polo Vigo da arte e da literatura das Irmandades da Fala

Félix Caballero

A Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Vigo organizou o sábado 17 de xuño unha ruta polo Vigo da arte e da literatura das Irmandades da Fala, a primeira organización nacionalista galega, que levou adiante un importante traballo a prol de Galicia antes da Guerra Civil. O percorrido foi guiado polo escritor e investigador Xurxo Martínez González e contou coa participación da concelleira Uxía Blanco.

A ruta comeza no número 15 do Paseo de Alfonso XII, onde viviu o poeta Manoel Antonio en 1920-1921, durante a súa época de estudante de Náutica en Vigo. O poeta prefería as vilas as cidades, mais axiña namorouse do Vigo popular que atopou desde o Barrio do Cura ata o Berbés, cos seus mariñeiros, os seus bébedos e as súas prostitutas, que levaría aos seus versos. Foi en Vigo onde Manoel Antonio entraría en contacto coas Irmandades da Fala, ao participar na III Asemblea da organización, celebrada en 1921 no Teatro Circo Tamberlick.

O percorrido continúa na Pinacoteca Francisco Fernández del Riego, no barrio alto do Casco Vello, na Rúa Abeleira Menéndez, que leva o nome do eminente intelectual que foi dirixente das mocidades do Partido Galeguista e mais do Sindicato de Estudiantes en Santiago de Compostela durante a II República. Aí, o visitante pode admirar unha boa mostra da pintura e mais da escultura galegas vencelladas ás Irmandades da Fala.

As Irmandades avogaban por unha soberanía estética de Galicia, que principia co álbum Nós de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e ábrase ás vangardas co grupo dos “novos” ou “renovadores”, entre os que salientan Carlos Maside, Luís Seoane ou Arturo Souto, autor cuxo universo artístico –o mundo da noite, dos mariñei-



Restos da fachada do Teatro Circo Tamberlick, onde se celebrou a III Asemblea das Irmandades da Fala.



Cervecería El Puerto, na rúa Montero Ríos, herdeira do Bar Comercio que inspirou o “Navy Bar” do poema de Manoel Antonio.

Prensa del Movimiento. A Asemblea do Tamberlick

A seguinte parada é na rúa Eduardo Iglesias, diante do que queda da fachada do Teatro Circo Tamberlick, que hoxe serve de adro a un grupo de vivendas. Foi aí onde en 1921 se celebrou a III Asemblea das Irmandades, na que Manoel Antonio entrou en contacto coa organización. O poeta non deixou desde entón de tratar a Castelao, con que intercambiou unha interesante correspondencia.

Tamén no Tamberlick estreouse en 1929 a primeira ópera galega, O mariscal, escrita por Ramón Cabanillas, membro das Irmandades, con música do compositor coruñés Eduardo Rodríguez Losada e o decisivo apoio do tamén irmandiño Antón Vilar Ponte.

O seguinte punto de atención é o Edificio Sanchón, no número 22 da rúa Policarpo Sanz. Obra do arquitecto Francisco Castro Represas (1935), nel tivo o seu despacho de abogado Valentín Paz-Andrade e a súa consulta de oftalmoloxía Antón Beiras, casado coa pedagoga Antía Cal e tío de Xosé Manuel Beiras, o histórico líder do BNG, hoxe

en En Marea. Paz Andrade foi promotor e director do diario Galicia (1922-1925), referente xornalístico, canda o semanario A Nosa Terra, do nacionalismo galego, amais, entre outras moitas cousas, de fundador de Pescanova. Pola súa banda, Antón Beiras escribiu o primeiro artigo científico publicado en galego.

O mitin galeguista de 1930

A ruta continúa no Teatro García Barbón, hoxe Teatro Afundación, inaugurado en 1927 e obra de Antonio Palacios, expoñente da arquitectura rexionalista preconizada polas Irmandades da Fala. Nesta xoia do modernismo tivo lugar o histórico mitin galeguista do 25 de xullo de 1930, coa participación de Castelao, Paz Andrade e Ramón Otero Pedrayo, entre outros.

O percorrido chega logo ao número 29 da Praza de Compostela, na casa onde viviu Fernández del Riego, enfronte de onde estaba a editorial Galaxia, da que foi coartífice. Del Riego levou a cabo un extraordinario labor loxístico a prol do galeguismo, mantendo vivo o espírito das Irmandades da Fala. Director da Fundación Penzol durante moitos anos, foi quen recuperou para as letras galegas a Álvaro Cunqueiro.

A penúltima parada é na Casa Mülder, no cruzamento das rúas Montero Ríos e Pablo Morillo. Obra cimeira do modernismo vigués, foi construída por Manuel Gómez Román, secretario xeral do Partido Galeguista despois da Guerra, na clandestinidade. Gómez Román é tamén o arquitecto da Ermida da Guía e dos edificios Simeón e do Banco Pastor. Ingresou na Real Academia Galega en 1951 cun discurso sobre “a xeración de 1916” –a das Irmandades da Fala– que non se chegou a imprimir por medo.

A ruta remata na Gran Cervecería El Puerto, no número 10 da rúa Montero Ríos, herdeira do Bar Comercio que se erguía no mesmo local, que, segundo Xosé Luís Méndez Ferrín, era o “Navy Bar” do famoso poema de Manoel Antonio do libro De catro a catro.



Casa onde viviu Manoel Antonio cando era estudante en Vigo, no Paseo de Alfonso XII.



O guía Xulio Martínez e os participantes na ruta, no solar onde se erguía El Pueblo Gallego.

O Fórum Metropolitano acollerá o ciclo de verán 'Cinenterraza', Cult Movies, con proxeccións en 35 mm

O Fórum Metropolitano iniciará no mes de xullo a quinta edición xuño do seu ciclo Cinenterraza. Cult movies, a proposta municipal que ten como obxectivo achegar á cidadanía, no período estival, películas consagradas e de culto. A iniciativa, que este ano aposta por algúns dos traballos máis coñecidos do sector nās décadas dos 60, 70 e 80, e que inclúe obras de Polanski, Lynch ou Scorsese, estenderase dende o 5 de xullo até o día 27 do mesmo mes.

As proxeccións, que terán lugar no vestíbulo do centro municipal, contarán con convidadas e convidados do mundo do cinema, fotografía, cómic, xornalismo e da xestión cultural, que debaterán co coordinador do ciclo, Javier Trigales, tras acabar as películas. A cita terá lugar todos os mércores e xoves de xullo, ás 22.30 horas



da noite e, como principal novidade, tal e como avanza Trigales, este ano as sesións de Cinenterraza pasarán a proxectarse no seu formato analóxico, en 35 mm, "polo que o son do proxector acompañará ás e aos asistentes mentres gozan dunha experiencia máis sensorial, táctil e verdadeira".

As entradas para as proxeccións venderanse de forma anticipada na conserxería do Fórum

de luns a xoves, de 09.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas, se ben tamén se despacharán directamente o día da función desde media hora antes do inicio das películas --no caso de que queden--. O prezo de cada unha das entradas é de 3 euros, agás para as persoas que se atopen en situación de desemprego, teñan máis de 65 anos ou posúan Carné Xove, que aboarán 2 euros.

Mércores 5 de xullo. Rosemary's baby (A semente do diaño. Roman Polanski, 1968)

Rosemary e o seu marido trasládanse a un inquietante edificio xunto a Central Park. Ao pouco tempo, ela queda embarazada, pero unha serie de sucesos e estraños personaxes fanlle sospeitar que algo diabólico está a tomar o control da súa vida. A película de Polanski é un fito na historia do cinema de terror, e será analizada por María Núñez, codirectora do FKM Festival de Cinema Fantástico da Coruña

Xoves 6 de xullo. Tulitikkutehtaan Tyttö (A moza da fábrica de mistos. Aki Kaurismäki, 1990)

A vida dunha moza calquera que traballa nunha fábrica nun posto mecánico e alienante. Cando chega a noite trata de combater a súa soledade e atopar persoas coas que relacionarse. Pero non é fácil. A película de Kaurismäki é unha adaptación do conto de Hans Christian Andersen, na que o director mestura de laconismo e humor negro. A directora Ángeles Huerta será a responsable de comentar o filme.

Mércores 12 de xullo. Blue velvet. (David Lynch, 1986)

Un mozo atopa unha orella humana entre a herba. O macabro achado lévalle a internarse nun mundo estraño e cheo de perversos personaxes que se esconden baixo a superficie da tranquila poboación de Lumberton. Esta obra de David Lynch, que se erixe como unha das grandes obras mestras do cinema americano, será comentada pola realizadora Olga Osorio.

Xoves 13 de xullo. Elvira Madigan. (Bo Widerberg, 1967)

O traballo de Widerberg narra a historia real do romance entre Elvira Madigan, unha artista circense, e o conde Sixten Sparre, tenente do exército sueco a finais do século XIX que deserta do exército e aban-

dona á súa familia para compartir a súa vida coa da moza equilibrista. O xestor cultural e artista Eduardo Fernández será o responsable da análise do filme.

Mércores 19 de xullo. Taxi Driver. (Martin Scorsese, 1976)

Travis Bickle ten quenda de noite co seu taxi. As rúas de Nova York e a súa fauna nocturna prodúcenlle cada vez máis odio e malestar, ata que toma a decisión de poñer remedio á situación. Este clásico de Scorsese, que conta coa fotografía de Chapman e a música de Herrman, será comentado polo fotógrafo Isra Cubillo.

Xoves 20 de xullo. Le mépris. (O desprezo. Jean-Luc Godard, 1963)

Un dramaturgo acepta o traballo de reescribir o guiño da Odisea, película baseada na obra de Homero. A aparición do produtor da película provocará que a relación do escritor coa súa parella entre nunha profunda crise. A xornalista e programadora Andrea Franco será a convidada deste coloquio sobre o traballo de Godard.

Mércores 26 de xullo. Rumble Fish. (A lei da rúa. Francis Ford Coppola, 1983)

Coppola adapta a novela xuvenil de Susan E. Hinton para convertela nunha fábula moderna, na que Rusty James non deixa de meterse en problemas nun intento de estar á altura da lenda do seu irmán maior, que abandonou a cidade. A autora de cómics Emma Ríos será a responsable de analizar a película.

Xoves 27 de xullo. Manhattan (Woody Allen, 1979)

A vida de Isaac no Nova York dos anos 70 móvese entre o odio ao seu traballo e os seus problemas sentimentais coa súa ex-esposa, a súa noiva adolescente e a parella do seu mellor amigo, da que se namora perdidamente. O realizador Santos Díaz comentará a película de Woody Allen, historia viva do cinema.

Juan Luís Guerra o 20 de xullo no Coliseum



As entradas para o concerto da Coruña, que terá lugar o 20 de xullo no Coliseum, puséronse a venda o 26 de xuño a través de Ticketea, Clicktaquilla e o despacho de billetes da praza de Ourense. Os prezos van desde 40 a 100 euros segundo localización.

Unha vez finalizada a pre-venda das localidades de pista e Premium, con preto do 50% da capacidade despachada neses sectores, agora están á venda a totalidade da capacidade, incluíndo as localidades de bancada.

Juan Luís Guerra non necesita

presentación, é un dos artistas latinos máis importantes da música, referencia e icona que acumula un número 1 tras outro. Son trece discos xa os que publicou este señor do merengue, salsa e son. Máis de 8 millóns de seguidores en Facebook e 6 millóns de seguidores en Twitter, máis de 650 millóns de reproducións en Youtube, por non falar das máis de 950.000 persoas que escoitan as súas cancións ao mes en Spotify, é un idolo de masas. Poderase cantar con Juan Luís Guerra as cancións que ixeron a banda sonora das nosas vidas e que sabemos de memoria como "Burbujas de amor", "Bachata rosa", "La bilirrubina", "Ojalá que llueva café" ou "Visa para un sueño".

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - M. Rguez. Alonso - X. Maure - Uxío Breogán - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Jesús Losada Dorado - Isidoro Gracia - Roberto Carlos Mirás - Rafael José Adalid - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Manuel Estévez - PORTUGAL: Viale Moutinho - Manso Preto - Isabel Varela - Manuel Gonçalves - João Martinho - MADRID: Juan Louzán - BARCELONA: Fdez. Valdeorra - PAIS BASCO: Nicolás Xamardo - CANARIAS: Fco. Puñal - NOVA IORQUE: Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández - A. Gutiérrez - M. Preto - Jesús Losada Dorado - Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - X. Marín - Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) - Ignacio Hortas - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex - Ortifus (España) - Omar Pérez (Galicia) - Mauricio Parra (Colombia) - Cébula (Polonia) - J.Bosco e Fernández (Brasil) - Marlene - Pohle (Arxentina) - Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

Galiza é o País dos tempos perdidos

Por **José PAZ RODRÍGUES**

(Professor reformado da Universidade de Vigo e Presidente da ASPGP)

Como formador que fum durante quase quarenta anos dos futuros mestres de educación infantil e primaria, na Escola Normal e Facultade de Educación de Ourense, muito gostaria que nos diferentes establecementos de ensino se organizassem actividades lúdicas e artísticas variadas sobre a nossa literatura, as nossas artes e o nosso rico patrimonio natural e artístico. Para elevar a autoestima dos escolares galegos, de crianças e de jovens. E superar o baixíssimo auto-conceito que os galegos e as galegas têm, desde faz séculos. Porque Galiza é, por desgraza, aínda o “País dos tempos perdidos”. Um tema que quero lembrar agora que estamos às portas de uma nova edición do “Dia da Pátria Galega”. Que coincide também, por desgraza, com as numerosas perdas económicas dos últimos tempos: as nossas caixas, as hidroeléctricas, muitas empresas, a banca galega...

Muitos galegos e galegas não sabemos que pecado temos cometido para sofrer o que temos sofrido desde há tempo. Mesmo desde há séculos e séculos. Desde a desgrazada morte e decapitação dos Irmandinhos. Desde a doma e castração do reino da Galiza, iniciada pelos chamados Reis Católicos, sinalada por Zurita e comentada por Castelhão. Desde a brutal castelhanização levada a cabo em seminários e mosteiros galegos, e também nas escolas. Desde a longa noite de pedra, da que falavam Celso Emílio e o poeta brasileiro Drumond de Andrade. E antes, desde a despiadada perseguição durante a guerra incivil. Quase desde sempre e, o que é mais grave, desde agora mesmo. Quanto tempo temos perdido na Galiza! Quanto tempo estamos aínda a perder! A nossa Galiza pode perfeitamente chamar-se “o País dos tempos perdidos”. Sem ir tão longe historicamente, gostaria-me comentar passo a passo hoje cada um dos tempos perdidos mais importantes:

1.-Ao contrário do feito por catalães e vascos na transição post-franquista, enlaçando com o período republicano, os primeiros presidentes dos seus governos autónomos foram, respeitivamente Tarradellas e Aguirre. Nós tínhamos a Osório Tafall. E, noutra vergonhenta atuação típica galaica não foi aceite. Preferimos silenciar aos culpáveis disto, que foram maioria. E não tivemos presidente histórico.

2.-Mais do mesmo. Catalães e vascos souberam manter a ligação com as suas forças políticas históricas, mantendo-as no exílio para recuperá-las logo na sua terra. Nós não, nós matamos o Partido Galeguista dos Castelão, Otero, Bóveda... Um dos máximos culpáveis, senão o que mais, foi Ramóm Pinheiro. Logo não tivemos uma força autêntica à que enganchar-nos. E aínda hoje não a temos, porque também fumos matando logo Coaligación Galega, PSG e PNG, para lhas entregar a outras forças. E seguimos a pagar isto e o pagamos durante anos e anos.

3.-Não souvemos, não quigemos ou ao melhor não pudemos, recuperar aquele nobre Seminário de Estudos Galegos (SEG). Entidade modélica para a investigação da nossa cultura secular. Vascos e catalães sim souberam recuperar as suas semelhantes entidades.

4.-Nas primeiras eleições democráticas depois da morte do ditador, o PSOE, que não tinha na Galiza a quase ninguém, ofereceu-lhe ao PSG (Partido Socialista Galego) os postos ímpares nas listas eleitorais. Os ga-



legos não aceitaram e o seu fracasso eleitoral foi escandaloso. Os “parvos” dos catalães sim aceitaram. Comparem hoje ao PSC catalão e ao PSOE galego, grupo no que todos estão contra todos.

5.-A princípios dos oitenta existia uma força política inter-classista impressionante, com muita militância. Estamos a falar da ANPG (Assembleia Nacional Popular Galega). O estalinismo, dum dia para outro, por perder o seu controlo, num ato realmente fascista e do mais anti-democrático, sem escutar aos muitos dos seus militantes, matou-a. E logo já sabemos que governos tivemos na Nossa Terra.

6.-Pelas mesmas datas, o ILGa toma a Academia Galega, igual que está agora, e, a proposta dum asturiano e o seguidismo de muitos, uns conscientes e outros não, impõe-se por decreto como se devia escrever a nossa língua, sem permitir qualquer debate. Ao contrário do que se fez com outros idiomas em outras latitudes. Afastando-nos do nosso mundo lingüístico, da filologia romanística e do senso comum. O demais já o sabem todos. Cada vez mais perda de galego-falantes. E o tema segue com os herdeiros de aqueles.

7.-Levavamos um tempo com certo sossego no tema lingüístico na Nossa Terra. Semelhava que se estava impondo um certo respeito entre as duas opções lingüísticas. A foneticista e a etimológica, a castelhana e a histórica, a isolacionista e a reintegracionista, a reducionista e a universalista-lusófona... O tema começou com o artificial debate sobre o nome do nosso país. Foi a porta para a decisão de dedicar as Letras

Galegas do ano 2009 a um dos máximos culpáveis daquela decisão ao nosso entender muito equivocada, sobre o famoso decreto normativo. Este foi precisamente Ramóm Pinheiro. Com o que estivemos antes de promulgar aquele decreto para que não cometera o erro que, ao fim, ele e Filgueira cometeram. Este era um momento para sumar e não restar, para unir e não dividir aos galegos sobre este tema. Para dialogar e debater, que tanta falta faz... Não para que a Academia da rua das Tabernas tomara esta decisão. Se o que os académicos pretendiam era dividir aos galegos, na luta pela tão necessária recuperação da nossa língua, não podiam escolher personagem mais idónea. Que ademais quase não tem obra literária. Para nós é este o enésimo tempo perdido na Galiza. E aínda hoje, tal como bem de dizer muito acertadamente sobre a RAG Juan Soto, “confiamos em que se ponha termo a situações não já absurdas, senão ridículas, tais como o veto irracional a Ricardo Carvalho Calero para personalidade epónoma do 17 de maio” (são palavras exactas de Soto). Qué bom seria que não houvesse no futuro mais tempos perdidos! E que a Galiza deixara de ser “o País dos tempos perdidos”, para converter-se no País dos tempos recobrados. A esperança de que tal coisa suceda está nas crianças, adolescentes e jovens de hoje, que hão ser os homens da Galiza do amanhã. De aí a importância de trabalhar em todos os âmbitos, especialmente no escolar, para promover entre os rapazes o amor pela sua Terra e a defesa do seu idioma e da sua cultura.

ALGUNS BELOS TEXTOS SOBRE GALIZA:

Os textos, fragmentos e treitos que coloco a seguir, depois de lidos, podem ajudar para levantar o ânimo de crianças, jovens, adultos e maiores, em tão sinalada data, e criar também o aprecio pela sua Terra, para que a defendam e se sintam orgulhosos de serem galegos, da sua língua e da sua cultura e patrimonio natural e artístico. O que não obriga a estar em contra de outras línguas e culturas.

1.-**Da medida das cousas**, por Vicente Risco:

“Ti dis: Galiza é bem pequena. Eu digo-te: Galiza é um mundo. Cada terra é como se fosse o mundo inteiro. Poder-há-la andar em pouco tempo do norte para o sul, do leste para o oeste noutro tanto; poder-há-la voltar andar outra vez e mais: não a hás dar andado. E de cada vez que a andes, hás encontrar cousas novas e outras hás botar de menos. Pode ela ser pequena em extensão; em fondura, em entidade, é tão grande como queiras, e desde logo, muito meirande de como ti a vês. Não dím os filósofos que o homem é o “microcosmos”, o compêndio, o resumo do universo tudo? Para quanto mais uma terra com todos os homens que em ela vivem, um povo que, se cadra, é uma sorte de Adam Kadmon... Do grandor do teu espírito depende tudo; quanto mais pequeno seja, mais terra há precisar. Se o teu pensar é fundo, a tua terra, para ti, não ter

há cabo; em ela estar há o mundo com todos os seus climas. Se o teu pensar se detém na códia das cousas, não digas tão pouco: Galiza é bem pequena, és ti, que en-dejamais poder hás conceber nada grande”.

2.-**Galiza somos nós**, poema de Manuel Maria:

"Galiza docemente
está olhando o mar:
tem vales e montanhas
e terras pra lavar!
Tem portos, marinheiros,
cidades e labregos
carregados de trabalhos,
carregados de trafegos!
Galiza é uma mãe
velhinha, sonhadora:
na voz da gaita ri-se,
na voz da gaita chora!
Galiza é o que vemos:
a terra, o mar, o vento...
mas há outra Galiza
que vai no sentimento!
Galiza somos nós:
a gente e mais a fala.
Se buscas a Galiza
em ti tes que encontra-la!"

3.-**Deitado frente ao mar**, poema de Celso Emílio Ferreiro:

"Língua proletária do meu povo
eu falo-a porque sim, porque me gosta
porque me peta e quero e da-me a ganha
porque me sai de dentro, alá do fundo
de uma tristura aceda que me abrangue
ao ver tantos patufos desleigados,
pequenos mequetrefes sem raízes
que ao pór a garavata já não sabem
afirmar-se no amor dos devanceiros,
falar a fala mãe,
a fala dos avós que temos mortos,
e ser, com rosto ergueito,
marinheiros, labregos da linguagem,
remo e arado, proa e relha sempre.
Eu falo-a porque sim, porque me gosta
e quero estar com os meus, com a gente
que sofreu longo

uma história contada noutra língua.
Não falo para os sobérbios,
não falo para os ruíns e poderosos,
não falo para os finchados,
não falo para os estúpidos,
não falo para os valeiros,
que falo para os que aguantam rejamente
mentiras e injustiças de cotio;
para os que suam e choram
um pranto cotião de borboletas,
de lume e vento sobre os olhos nuos.
Eu não posso arredar as minhas verbas de
todos os que sofrem neste mundo.
E ti vives no mundo, terra minha,
berço da minha estirpe,
Galiza, doce mágoa das Espanhas,
deitada frente ao mar, esse caminho..."

4.-**Frases de Castelão:**

"Se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma".

"A nossa língua floresce em Portugal" (no Sempre em Galiza).

"Uma língua é mais que uma obra de arte; é a matriz inasgotável de obras de arte".

"Sendo galego não devo de ser mais que galeguista".

Ourense (Galiza), julho de 2017 (nas vísperas do Dia da Pátria).

APOSTOLO

CONCELLO DE SANTIAGO
2017



Campus Terra estudará a micoloxía nos Ancares e Courel

O vicerreitor do campus de Lugo Javier Bueno Lema, así como os profesores Antonio Rigueiro e Julián Alonso, informaron dunha nova colaboración entre a Deputación e a Universidade para impulsar o sector turístico da provincia. Trátase, concretamente, da elaboración dun estudo científico no que se avalían as potencialidades turísticas da micoloxía na provincia, no xeodestino dos Ancares-Courel. O organismo provincial destina 35.000 euros á elaboración do estudo que, posteriormente, será incluído dentro do Plan Estratéxico de Turismo. O deputado Vidal Baamonde subliñou que “con este novo acordo coa universidade, continuamos impulsando o estudo dos recursos naturais que hai na provincia co obxectivo de poder empregarlos para ampliar a oferta turística lucense, neste caso, a través da micoloxía”. O deputado apuntou que durante os últimos anos, ten aumentado moi notablemente o interese polo aproveitamento micolóxico, debido á súa importancia ecolóxica, nutricional, gastronómica e, ademais, lúdico turista. Neste senso, destacou que, segundo algúns autores, a recollida silvestre dos fungos pode superar, en Galicia, os 100 millóns de euros, ou moito superior tendo en conta a



Presentación do proxecto para impulsar o turismo a través da micoloxía.

diversificación do mercado.

O responsable de área de Turismo defendeu tamén a “transversalidade deste subsector turístico” pois a recollida de fungos pode completarse con outros recursos turísticos propios do territorio. “É por iso que decidimos elaborar este estudo nas serras dos Ancares e do Courel que, ademais de ser un lugar cunha ampla diversidade micolóxica, reúne grande cantidade de valores históricos, culturais, xeolóxicos, ecolóxicos e paisaxísticos que debemos aproveitar para completar a oferta turística”.

Obxectivos

Os obxectivos a cumprir con este estudo son: analizar e facer un diagnóstico das posibilidades do micoturismo na provincia e as necesidades para o seu desen-

vvolvemento nas comarcas do Courel e dos Ancares; establecer sinerxías e implicar no proxecto aos distintos axentes administrativos, sociais, económicas, culturais e científicos; e definir as estratexias necesarias para favorecer o turismo micolóxico a levar a cabo as actividades e estudos para a súa implantación. Para conseguir estes obxectivos, logo de facer o análise DAFO, estableceranse reunións e contactos con axentes que necesariamente se deben implicar para o desenvolvemento deste proxecto, estudo inventariada da micobiota do territorio, con especial atención ás especies comestibles, e estimación da produtividade real, e actuacións formativas, divulgativas e educativas.

Alumnos do colexio Quiroga Ballesteros plantaron unha árbore

Máis de vinte de nenos e nenas, acompañados de pais e nais, plantaron unha árbore logo de recibir un obradoiro de xermación no colexio Quiroga Ballesteros, no que plantaron e coidaron a semente. Os alumnos decidiron entón plantar a árbore nun entorno natural no que poder garantir o seu crecemento. Deste xeito, Fernández Queipo deputado de Medio Ambiente, propúxolles facelo no Centro de Interpretación Terras do Miño pois, ademais de ser un ambiente natural,

permite “que veñades a velo e a coidalo todas as veces que desexedes”. O deputado subliñou ademais que “a través deste tipo de actividades, fomentamos o estudo do medio ambiente entre os máis pequenos, co fin de conseguir establecer as bases para conseguir unha sociedade máis respectuosa co medio que nos rodea”. Neste senso, o deputado destacou que os alumnos coñeceron “os ciclos das árbores e o papel tan fundamental que xogan na configuración do entorno natural”.



Plantación no Centro de Interpretación Terras do Miño.

Convocado o Certame Condado de Pallares

A Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares organiza a XI edición do Certame de Investigación Condado de Pallares. Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, sempre que presenten escritos orixinais e inéditos en lingua galega, axustados á normativa do 2003, sobre temas lingüísticos, históricos, artísticos, arqueolóxicos, antropolóxicos, etnográficos e folclóricos, cinguidos ao ámbito territorial dos Concellos de Guntín, Portomarín, Taboada, Chantada e Carballedo, as cinco localidades que no medioevo integraban o Condado de Pallares.



O xurado emitirá o seu fallo o día 25 novembro.

Os interesados teñen ata o 31 de outubro para presentar os seus traballos. O gañador recibirá un premio de 3.000 euros, a parte de ver publicada a súa obra.

Congreso Galego-Asturiano de Cardiología

Celebrouse en Lugo o Congreso Galego-Asturiano de Cardiología organizado polo Servizo de Cardiología do Hospital Universitario Lucus Augusti. Participaron cardiólogos, cirurxiáns cardíacos, médicos de Atención Primaria e enfermeiros de Galicia e de Asturias, coma o profesor Valentín Fuster, director do Centro Nacional de Investigacións Cardiovasculares.

Os especialistas en cardiología participaron nunha mesa redonda para poñer en común os seus coñecementos en diversos temas. Entre outros, abordaron o risco cardiovascular, a insuficiencia cardíaca, os avances sobre a revasculariza-



No congreso participaron 170 cardiólogos de Asturias e Galicia

ción coronaria e a calidade asistencial. O congreso sacou as súas actividades á rúa. En colaboración coa Fundación Española do Corazón, realizaron diferentes actividades para promover hábitos de vida saudables. Tamén se realizou a marcha cardiosaudable “Corazón sano, corazón en forma”.

Máis de oitenta pasaxeiros voaron en globo pola Ribeira Sacra

Concluíu a primeira quenda de viaxes en globo por Ribeira Sacra de 2017. A demanda do servizo foi tal que, “inevitablemente temos que facer por darlle continuidade. Un dos obxectivos de sacar á venda viaxes (xunto cos do sorteo pendente de 2016) era precisamente testar a aceptación por parte do mercado potencial”, asegura Sandra Seara, xerente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra. “Levamos rexistradas preto de 600 chamadas máis correos electrónicos interesándose pola actividade e por realizar unha reserva dende que se cubriu a totalidade das prazas previstas ata o 11 de xuño. Participaron 84 pasaxeiros dos que 38 eran premiados no sorteo “Pasaporte ás nubes de Ribeira Sacra” e 46 dos que adquiriron o billete. O prezo promocional do billete foi de 120 euros.

Recollidas as súas impresións, “a conclusión xeneralizada é que o valoran coma unha experiencia inolvidable, totalmente recomendable, cun servizo moi coidado e profesionalizado”, afirma a xerente. A primeira fin de semana as saídas estaban previstas na zona do Miño, entre Chantada e O Saviñao. Durante a segunda fin de semana saíuse dende Nogueira de Ramuín baixando e cruzando o Canón do Sil ata chegar a Sober. Foi unha das viaxes máis espectaculares. O sábado e domingo voltouse ao Miño. No primeiro dos casos xa estaba previsto por mor da celebración do Rallie de Ourense que implica o curte de estradas e o domingo os pilotos optaron tamén por cambiar a ubicación de Nogueira de Ramuín polo vento norte que afectou debido ao fronte de choivas e precipitacións que entraba polo norte de Galicia.

A actividade do voo durou unha media de 3 horas.



Na primeira hora os/as viaxeiros/-as podían colaborar na montaxe e desplegue das barquiillas e velas xunto cos pilotos e tripulación de terra. Logo recibiron unha serie de recomendacións para a viaxe. Iniciase o depeque para realizar o voo durante 50-70 minutos (depende da dirección e velocidade do vento e da orografía do terreo). Logo da aterrízaxe, convidan a participar da recollida de do equipo para rematar cun brindis como marca a tradición, ademais dun ágape e a entrega de diplomas oficiais. Rematada a actividade, regresamos ao punto de partida.

Xa están á vent as pasaxes de voo en globo aerostático para novas saídas nos meses de agosto e setembro. A empresa fixará o punto de saída 48 horas antes de cada voo. Se as condicións meteorolóxicas o permiten, os pilotos priorizarán puntos de despegue nas proximidades dos ríos Sil e Miño, así como dende a cidade de Monforte de Lemos. Se o vento non é favorable nas ribeiras, a saída será nunha zona máis interior.

A fadista María do Ceo presentou o novo disco en Sober

O Concello de Sober organizou unha tarde cultural coa fadista María do Ceo que presentou o seu novo disco co que pretende achegar a lingua galega, a música tradicional e a poesía aos nenos e nenas. A entrada foi gratuíta.

Tras a presentación en Santiago, foi o segundo concerto que a fadista ofrece con este novo traballo. O volume, composto por doce cancións, está destinado a nenos desde recén nados-inclúe unha nana- ata os 12 anos. A artista portuguesa e galega de adopción explicou na presentación do disco que

este novo traballo contén tamén “sorpresas” para o público adulto e puxo de relevancia o carácter “didáctico” das súas letras.

Nas diferentes pezas que compoñen o traballo, musicadas por María do Ceo, fá-lase de temas como a emigración, a desigualdade e as diferentes características de Galicia, tomando como referencia iconas da cultura galega como “A Galiña Azul”, de Carlos Casares, e tres poemas de Xosé Neira Vilas. Ilustrado con debuxos infantís, os máis pequenos convértense en absolutos protagonistas.



María do Ceo asinando discos aos nenos.



Os alcaldes e o conselleiro asinaron o convenio.

A Consellería de Política Social subscribiu os convenios que permitirán a organización dos campos de traballo en Riós, Celanova, Ourense e Esgos, ao abeiro da campaña de verán 2017 da Xunta de Galicia. Esta iniciativa é unha ferramenta de educación non formal para a xente nova con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos, xa que engloba experiencias de participación, de voluntariado e de mobilidade, e ademais axudan a

dinamizar a vida xuvenil nos concellos galegos onde teñen lugar.

Cada un dos campos dispón de 20 prazas e todos son de ámbito internacional, ofrecendo así a oportunidade aos participantes de estar en contacto con mozos e mozas doutros países. O campo de traballo de Riós entre o 11 e o 21 de xullo, será medioambiental. Nel, os voluntarios realizarán traballos de cultivo de soutos, achegaranse ás novas tendencias no aproveitamento dos terreos e

Riós, Celanova, Ourense e Esgos terán campos de traballo este verán

coñecerán a cultura do castiñeiro participando en obradoiros sobre tradicións, música e mitoloxía popular. Así mesmo, participarán en dinámicas de grupo, e realizarán rutas de sendeirismo e orientación entre outras actividades.

Celanova acollerá un campo de traballo do 16 ao 30 de xullo centrado no mundo audiovisual. Durante eses 12 días, os participantes acudirán a obradoiros prácticos de formación sobre as distintas disciplinas que se conxugan para poder levar a cabo un audiovisual express. Realizarán tarefas de redacción do guión, produción, rodaxe, montaxe, posprodución e principios da interpretación. Ademais, participarán nalgúnhas conferencias do curso de verán sobre o audiovisual da Universidade de Vigo e

terán a oportunidade de coñecer o patrimonio arquitectónico e monumental de Celanova.

O medio ambiente e o eido social serán os eixos que vertebran o campo de traballo de Ourense, que terá lugar do 1 ao 11 de agosto. Os voluntarios acondicionarán terreos para uso agroecolóxico, o que está enmarcado nun programa ecosocial para persoas en risco de exclusión social e recibirán formación e asesoramento sobre a comercialización de produtos agrícolas entre outras accións. Os mozos e mozas tamén realizarán actividades complementarias que comprenden unha visita ás termas de cidade, baños no río e xeolocalización na urbe, así como charlas de carácter social coas entidades colaboradoras do proxecto.

O último dos campos de traballo celebrarase do 2 ao 13 de agosto en Esgos. Na modalidade de campo medioambiental e etnográfico, esta iniciativa permitirá aos participantes limpar e acondicionar a ruta do río Grañal, crear unha páxina web e unha ruta virtual sobre a mesma, elaborar un documental onde se amosarán as testemuñas patrimoniais e etnográficas para a posta en valor desta zona e tamén dinamizarán o Mosteiro de San Pedro de Rocas a través da dramatización da súa historia ao longo do tempo. Os asistentes a este campo de traballo tamén poderán realizar tiro con arco, acudir á piscina, participar en carreiras de orientación ou visitar as termas de Outariz entre outras experiencias.

Galicia

Redacción OURENSE

A cantiga “Pulpeiriña do Arenteiro” será o himno da Festa do Pulpo

A cantiga “Pulpeiriña do Arenteiro”, considerada como un himno da Festa do Pulpo, estreouse o sábado 17 de xuño, nun acto celebrado na Praza Maior. Interviron un cuarteto de gaitas e pandereta da Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense e o Orfeón do Carballiño. Foi o primeiro acto no que se presentou en público esta cantiga composta por Xosé Luis Foxo e Felipe Senén, autores da música e a letra, respectivamente.

O acto comezou coa interpretación dunha peza musical a cargo do cuarteto da Real Banda de Gaitas. A continuación o Orfeón do Carballiño interpretou tres cancións populares galegas do seu repertorio (Negra Sombra, A Rianxeira e o Galo comadre). Finalmente, todos xuntos interpretaron a cantiga da Pulpeiriña do Arenteiro.



O alcalde, Francisco Fumega, e Xosé Luis Foxo, presentaron o evento.

Por outra parte, xa está na imprenta o CD que edita o Concello do Carballiño para dar a coñecer esta cantiga, e como promoción da LV Festa do Pulpo, e que contén outras cancións interpretadas pola Real Banda de Gaitas de Ourense. Este CD inclúe dous libríños con fotografías antigas de

pulpeiras e da Festa do Pulpo, así como un artigo de Felipe Senén sobre “Músicas e cantares no Carballiño”. A gravación da cantiga realizouse no auditorio municipal coa intervención do gaiteiro Marco Foxo, a pandereteira Cristina Pumar e a Coral Polifónica do Casino do Carballiño.

O Carballiño limpa o Camiño dos Arrieiros

A Concellería de Medio Rural do Carballiño prosigue o labor de limpeza do Camiño dos Arrieiros, desbrozando e acondicionando algúns tramos que estaban intransitables dende hai tempo. Este é o caso do tramo de Corval, na parroquia de Sagra, que é un núcleo deshabitado desde o ano 2011 e polo que era practicamente imposible pasar. Neste intre estanse a limpar tamén os tramos que pasan polo Penedo e O Covelo. A brigada que realiza este traballo está composta por cinco persoas: un canteiro, albaneis e peóns forestais. Forman parte dun plan de emprego social co Inem, que durante catro meses, dende maio a setembro, teñen como obxectivo mellorar o patrimonio natural e etnográfico das aldeas e parroquias. Este plan realízase conxuntamente con outro para mellorar as fontes, lavadoiros e tanques das aldeas e parro-



Tramo de Corval na parroquia de Sagra.

quias, que conta con catro traballadores (tres albaneis e un peón forestal), que foron contratados tamén a través dun programa de colaboración social co Inem por un período de tres meses.

“Arrieiros de papel” novidoso programa de lectura no Carballiño

A Concellería de Cultura e a Biblioteca Municipal do Carballiño poñen en marcha un novidoso programa de lectura e intercambio de libros denominado “Arrieiros de papel”. Consiste en situar en diversos lugares do Carballiño unhas cestas con libros, que se poden levar para ler e despois deixalos no mesmo lugar ou en calquera das outras cestas, e tamén se poden traer libros para incorporar aos que xa hai. Unha destas cestas xa está colocada no descansino da terceira pranta do Concello, onde se atopan as áreas de Educación, Cultura, Turismo, Deportes, Orientación Laboral e a aula de informática. Outras cestas sitúanse na área de Servizos Sociais, na rúa Faustino Santalices, na zona de descanso da Praza de Abastos e nas piscinas municipais.

As cestas, así como os libros, levan impreso un texto

explicativo desta iniciativa: “Arrieiros de papel. Ola, Son un libro moi especial, un arrieiro de papel. Se queres podes collerme, lerre e despois deixarme libre nunha das cestas que atoparás na nosa vila. Tamén podes deixar un libro teu e convertelo nun arrieiro para que viaxe polo Carballiño e o podan ler máis persoas. E lembra... arrieiros somos e polo camiño atopáremonos. Grazas pola túa colaboración e disfruta coa lectura”.

Se esta iniciativa resulta positiva, non se descarta incrementar o número de cestas e de puntos de ubicación. Os libros incluídos neste programa son exemplares que a biblioteca municipal ten por duplicado ou triplicado, polo que tamén resulta un xeito de aproveitar mellor os fondos cos que conta este servizo municipal.



Unha das catro cestas que están espalladas pola vila carballiñesa.



O libro Polos camiños de Avión é unha viaxe cultural

No libro Polos camiños de Avión, o autor Xesús Antonio Gulías Lamas, fai unha viaxe cultural pola tradición e a historia deste municipio ourensán. A presentación desta publicación tivo lugar na Deputación de Ourense, acto no que participou o deputado provincial de Cultura, Manuel Doval; o alcalde de Avión, Antonio Montero e o autor.

Manuel Doval destacou que esta obra “permítenos coñecer o municipio, un territorio que está marcado pola pegada que deixan nel as súas xentes e que non finaliza nos camiños de Avión, senón que están espalladas por todo o mundo a través da historia de todos aquel que emigraron e que aínda atopan en Avión a súa sinal de identidade”. O deputado provincial de Cultura lembrou que Xesús Antonio Gulías Lamas xa “conta con outros traballos referentes a concellos como Beariz, por exemplo”.

O autor da publicación explicou que, ademais do “achecho” que sente por esta terra, o principal motivo que “me levou a facer esta viaxe por todos os lugares deste concello para poder escribir este libro foi a ansia de profundar máis na súa cultura, no seu patrimonio e nas súas tradicións. Tratei de que esta



Antonio Montero, Xesús Gulías e Manuel Doval.

andaina polas terras de Avión fora esencialmente cultural” pero, Xesús Antonio Gulías Lamas, sinalou que a cultura “non está só nos libros e arquivos, senón tamén nas xentes do pobo que foi recompilando datos, historias e lendas a través do tempo, polo que son enciclopedias viventes ás que hai que acudir e consultar”.

Antonio Montero fixo alusión a un fragmento do libro que reflexa, segundo el, o que nel se conta: “O do viaxeiro é un turismo pobre, pero que o enriquece a el culturalmente, porque vai descubrindo en cada lugar por onde pasa, os tesouros que

se foron conservando a través dos anos, dos séculos, ás veces ata dos milenios, co que se vai facendo unha idea de como era a vida dos seres humanos de cada sitio”.

O alcalde de Avión dixo sentirse “orgulloso de que se escriba un libro o noso municipio, facendo un repaso non só pola cultura e o patrimonio relixioso e arquitectónico, senón tamén polas vivencias dos que habitaron Avión, dos actuais veciños e dos que non están no municipio, porque co traballo e esforzo de moita xente dos seus pobos fixeron que cos anos se escribiran moitas historias”.

Unión Musical de Allariz estreou a obra “Xan de Arzúa”

A banda Unión Musical de Allariz estreou a obra musical “Xan de Arzúa”, fantasía musical para banda sinfónica realizada polo compositor Óscar Sempere Francés e dedicada ao pobo de Allariz no ano de conmemoración do 700 aniversario da Festa do Boi. Está inspirada en música do século XIV, cunha introducción que traslada á vida de Allariz do ano 1317, con ritmos e coros que dan vida ós gremios da época. Logo entra nun ritmo máis pausado e relixioso, coa festividade do Corpus Christi e a procesión na que se produce o boicot da comunidade xudea. Unha frenética orquestación re-

presenta a Xan de Arzúa montado a lombos dun boi para escarmentar aos xudeos. Ó final da obra o autor representa a choiva de formigas e cornadas ós xudeos e un canto de satisfacción por parte dos veciños ó acabar co boicot.

Óscar Sempere, que dirixiu a obra musical, en nado en Banyeres de Mariola (Alicante) en 1977. Comezou a súa formación musical de moi novo, na Sociedade Musical de Banyeres, trasladándose logo ó Conservatorio de Ontenent, aínda que gran parte da súa formación musical é autodidáctica. É autor de máis de cincuenta obras coas que obtivo recoñecementos e premios.



Actuación da banda Unión Musical de Allariz.

Convocada unha nova edición do Premio Risco de Creación Literaria

O Concello de Ourense e a Fundación Vicente Risco abren a convocatoria do décimo oitavo Premio Risco de Creación Literaria, coa fin de abranguer os diferentes campos da obra Vicente Martínez-Risco e a do seu fillo Antón Martínez-Risco. Os textos a presentar deben de ser de xénero narrativo: poderán presentarse novelas, conxuntos de relatos ou ensaios; quedan excluídas da convocatoria, polo tanto, teses académicas ou traballos especificamente científicos, que teñen o seu ámbito propio no Premio Vicente Risco das Ciencias Sociais. O prazo de entrega remata o venres día 22 de setembro e o lugar de presentación será no Rexistro Xeral do Concello de

Ourense (Praza Maior, 1-Ourense 32005).

Segundo establecen as bases, poderá concorrer a este premio calquera persoa que presente escritos inéditos da súa autoría redactados en lingua galega, de acordo coa normativa oficial vixente e cunha extensión mínima de 150 folios e máxima de 300. Os orixinais presentaranse por sextuplicado en soporte de papel en tamaño DIN-A4 mecanografados en letra tipo Times New Roman de corpo 12.

Para garantir o anonimato das obras, os orixinais irán acompañados dun único sobre pechado, que conterá a identidade do/a autor/a (nome completo, enderezo postal e

electrónico e teléfono) e o título definitivo da súa obra, facendo constar no exterior, exclusivamente, o título ou lema da obra.

A obra gañadora será premiada con 6.000 euros e a publicación de 150 exemplares do libro -e o autor recibirá gratuitamente 25 exemplares da obra publicada-, e o premio sairá da decisión dun xurado composto por cinco persoas escollidas entre personalidades recoñecidas do mundo da literatura, sendo a presidencia exercida pola persoa designada polo Concello Si a calidade literaria das obras no fose, segundo o criterio do xurado, estimable, o premio poderá declararse deserto.



A Fundación Vicente Risco ten a súa sede en Allariz.

Galicia

Redacción

A Escola de Arte Superior de Deseño cumpre 30 anos



César Taboada coa delegada da Xunta.

A Escola de Arte e Superior de Deseño (EASD) Antonio Faílde de Ourense celebra este ano o 30 aniversario da súa creación. No curso que rematou estiveron matriculados 266 alumnos e alumnas que cursan os ciclos formativos que ofrece o centro de grado medio e superior en Ensinanzas Superiores de Deseño, equivalente ao grao en Deseño gráfico e Interiores, e Ensi-

nanzas Profesionais de Artes Plásticas e Deseño. César Taboada Varela, director da EASD Antonio Faílde informoulle á delegada territorial da Xunta Mariso Díaz Moureira, que este centro ourensán será o responsable de organizar a vindeira edición dos Premios Mestre. Este galardón é considerado o máximo recoñecemento a nivel estatal en Escolas de Arte. O pasado mes de maio unha alumna deste centro, Leticia

Veloso, recibiu o primeiro premio na categoría de Traballos de Fin de Estudos da sexta edición dos Premios Mestre 2017, nunha cerimonia que se desenvolveu en Tenerife.

Na Escola de Arte de Ourense impártense ensinanzas superiores de deseño, nas disciplinas de Deseño gráfico e Deseño de interiores; e ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e deseño, en Ebanistería artística, Fotografía e Ilustración. Os alumnos da escola teñen participado neste curso en múltiples exposicións organizadas por galerías de arte prestixiosas de todo o mundo. As obras dos mozos creadores deste centro foron contempladas na 7ª Trienal Internacional de Estudantes que se desenvolveu en xuño en Estambul, onde compartiron espazo con creacións de alumnos de centros de Italia, Canadá, Romanía, Brasil, entre outros. De España só acudiu a esta cita artística o centro ourensán Antonio Faílde.

Premios Ribeiro 2017 para viños brancos e tintos



Adegueiros premiados, no mosteiro de san Clodio (Leiro).

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro organizou unha gala para entregar os premios Ribeiro 2017. Un panel profesional realizou a cata a cegas para recoñecer aos mellores viños brancos de adega, de "colleiteiro", e tinto. O mellor viño branco de adega é Ramón do Casar Treixadura 2016, da adega Ramón do Casar; o mellor viño branco de colleiteiro é Pazo Tizón 2016, de Pazo Tizón, e o mellor viño tinto é Elisa Collarte 2016, da colleiteira Elisa Collarte Bernárdez.

Outros viños brancos de adega finalistas foron Alter, de Priorado de Razamonde; Divino Rei, de Castro Rei e Viña do Campo, de Adegas Docampo. No apartado de branco de colleiteiro chegaron tamén á final Leive Paradigma, de Áurea Lux; Manuel Vermello, de Adega Manuel Vermello e Sanclodio, de Produccións A Modiño. En tintos foron finalistas Joaquín Vázquez 2015, de Joaquín Vázquez; Señorío de Beade 2016, da Portela, e Viña do Campo Mencía 2016, de Adegas Docampo.

Dous ourensáns campións de España de Salsa Cuban Style

Aparella de baile ourensá integrada por Joel Cruz Cadaya e Ada María Rúa Cid acaban de ser proclamados campións de España junior de Salsa Cuban Style no Campionato de España de Baile Deportivo Latino celebrados na Eliana, Valencia. Con 15 anos, era a primeira vez que se presentaban ao campionato nacional e conseguiron o primeiro posto nese estilo e ao que hai que sumar en Subcampeonato Absoluto Junior dos 4 bailes caribeños (Salsa Portorriqueña, Merengue, Bachata e Salsa Cuban Style).

Esta parella de baile, que contou co patrocinio de Termatalia e a colaboración doutras empresas ourensás, pertence ao Club Deportivo Moovet. O seu adestrador, Juan Manuel Fernández



Joel Cruz Cadaya e Ada María Rúa Cid, de Ourense.

Nóvoa, é o único instructor federado da provincia de Ourense nos catro bailes caribeños, título avalado pola Federación Española de Baile Deportivo, Centro Superior de Deportes e Comité Olímpico

Español. Neste campionato contou coa participación de máis de 2.400 deportistas entre os que tamén se atopaban numerosas parellas galegas que conseguiron distintos premios.

Entregados os premios da Festa do Boi de Allariz

O Museo do Coiro acolheu a reunión do xurado do concurso "700 anos da Festa do Boi", formado por Antonio Blanco Rodríguez, membro da Asociación Cultural Xan de Arzúa; os artesáns Ernesto Sánchez Bibrián e Nelson Gómez Callejas e Juan Antonio Seara Ferro, técnico de Cultura ademais do voto emitido polos visitantes que se achegaron á exposición "700 anos da Festa do Boi" na que estiveron expostas, do 3 ao 11 de xuño no Museo.

A Festa do Boi é unha manifestación cultural que se mantén en Allariz dende fai VIII séculos. De orixe medieval recorda ás disputas sociais entre xudeus e cristiáns no ano 1317 aínda que hoxe en día representa un vínculo de unión social e un compromiso coas raíces, na que a música, as danzas tradicionais e os gremios, ademais das famosas "carreiras do Boi" son parte de esta festa.

Logo de teren deliberado e valorado as diversas pezas presentadas, o xurado acordou resolver o se-



1º premio

guinte: conceder o terceiro premio de 200€ á peza "Os Curtidores", de Miriam Campomar; o segundo premio de 300€ foi á peza "O Boi, un cadáver exquisito", dos alumnos de primeiro curso da especialidade de coiro da escola EMAO de Vigo e o primeiro premio de 400€ á peza "DCC ANNI", de José Villar.

Ante a calidade das pezas presentadas decidiuse por unanimidade conceder un accésit de 100 € á peza que leva por título "Boi", de Michael Nadeau.

Redacción

Isabel Soto, gañadora do Premio Plácido Castro de Tradución

Aviguesa Isabel Soto foi a gañadora da XVIª edición do Premio Plácido Castro de Tradución pola obra Fosca de Iginio Ugo Tarchetti.

Isabel Soto é unha tradutora consolidada cunha longa traxectoria profesional. A obra premiada, Fosca, é a máis importante de Tarchetti, escritor italiano scapigliato. A scapigliatura foi un movemento artístico e literario desenvolvido no norte de Italia sobre todo entre os anos sesenta e oitenta do século XIX. Nos scapigliati aniñaba un espírito de rebeldía contra a cultura tradicional e o bon senso burgués.

O xurado destacou da tradución a fluidez e a solvencia na lingua meta, así como o esforzo de reflectir o estilo arcaizante da lingua orixinal nun galego que recupera usos propios dunha época literaria anterior; respecto á calidade da tradución, salienta o acerto no transvasamento de estruturas sintácticas intrincadas ao galego.

Con este premio, a Fundación Plácido Castro pretende reivindicar a dimensión tradutora do autor galego de quen en 2017 cúmprense 50 anos do seu pasamento, así



como alentar un maior recoñecemento social do labor dos tradutores e tradutoras e da súa achega ao sistema cultural e literario galego.

O premio entregarase o vindeiro 30 de setembro, Día Internacional da Tradución, no Concello de Vilagarcía de Arousa.

Os Cursos “Galego sen fronteiras” reciben máis de 80 estudantes dunha vintena de países

O programa celebra este ano tres décadas achegando a lingua e a cultura do noso a persoas de fóra de Galicia

Os Cursos de lingua e cultura galegas “Galego sen fronteiras” chegan este ano á súa trixésima edición dándolles a benvida a máis de 80 estudantes procedentes dunha vintena de países. O alumnado procede de Alemaña, Austria, Brasil, Reino Unido, Canadá, República Checa, Chile, Croacia, Cuba, Estados Unidos, Hungría, India, Italia, México, Polonia, Romanía, Portugal, Ucraína, Xapón e doutras autonomías do Estado español.

A Real Academia Galega (RAG) organiza estes cursos coa colaboración do Instituto da Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Deputación da Coruña.

As sesións desenvolveranse ata o 24 de xullo na Facultade de Filosofía e combinarán as clases teóricas e prácticas con obradoiros de música e baile e palestras impartidas por persoas do mundo da literatura, a



Curso de baile nos cursos Galegos sen fronteiras

música ou a arte dramática. Unha charla-concerto de Uxía Senlle e Sérgio Tannus, un espectáculo sobre Carlos Casares a cargo do actor Avelino González, outra charla-recital da poeta e académica electa Chus Pato, ou un percorrido pola cultura na Rede da man do director de culturagalega.gal, Manuel Gago, son parte do programa que completa as

aulas teóricas e prácticas de lingua e cultura.

Os participantes poderán tamén gozar dunha visita á Casa-Museo Rosalía de Castro, guiada por Anxo Angueira, que concluirá cunha conferencia da profesora Catherine Davies, directora do Instituto de Investigación en Linguas Modernas da Universidade de Londres.

Carlos Núñez actuará en Montederramo

O gaiteiro Carlos Núñez actuará o día 29 de xullo ás nove da noite na igrexa do mosteiro de Santa María de Montederramo (Ourense). O músico vigués (1971) está considerado como un dos mellores gaiteiros do mundo. Comezou coas frautas e aos oito anos coa gaita galega. Aos trece foi descuberto por The Chieftains, no Auditorio de Castrelos, en Vigo, e comezou a súa carreira musical. Erudito da música celta, as súas investigacións seguen basicamente dúas liñas relacionadas entre si: a orixe da música celta e a súa fusión coas músicas do mundo actuais. O seu interese polo tema levoulle a percorrer o mundo e a relacionarse con músicos e artistas dos países que visitou, para logo plasmar os seus coñecementos e experiencias na súa prolífica discografía. En 1996 publicou o seu primeiro disco, A



Carlos Núñez Muñoz.

Irmandade das Estrelas, que supuxo o boom da música celta en España. Neste disco, Núñez céntrase sobre todo na exploración da súa Galicia natal con achegas irlandesas. En 2013, a súa obra “Mambo” foi a banda sonora da Volta Ciclista a España.

Festa do Polbo no Centro Galego de Núremberg

O Centro Galego de Núremberg (Alemaña) celebrou a XXV Festa do Pulpo o 24 de xuño coa asistencia do vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, do secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, e do alcalde do Carballiño, Francisco José Fumega. Esta ocasión aproveitouse para irmandar esta celebración coa tradicional Festa do Polbo do Carballiño, todo un referente das festas gastronómicas galegas. O Carballiño celebra o 13 de agosto próximo, no parque municipal, a LV edición da Festa do Polbo. A festa en Núremberg contou coa

actuación da artista ourensá Cristina Pato, así como da sección música do Centro Galego desta cidade alemá.

Os representantes da Xunta eloxiaron os valores da colectividade galega no exterior, que constitúe en todos os lugares un exemplo de integración ao mesmo tempo que se esforza por manter vivas as tradicións e cultura galega no estranxeiro.

Segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística a 1 de xaneiro de 2017, residen actualmente en Alemaña 17.023 galegos e galegas, dos que máis da metade (9.073) naceron xa na diáspora.



Alfonso Rueda, Antonio Miranda e Francisco Fumega con directivos do Centro Galego de Núremberg.

Novas da Raia

Redacción

O Atlético Guardés dispón do Pavillón de As Travesas de Vigo para os partidos que ten que afrontar como campión de Liga

O alcalde do Concello de Vigo, Abel Caballero, e o concelleiro de Deportes vigués, Manuel Fernández, recibiron este xoves ó alcalde de A Guarda, Antonio Lomba, xunto co presidente do clube de balonmán feminino Mecalía Atlético Guardés, José Antonio Silva, e o presidente da Federación Galega de Balonmán, José Luís Pérez Ouro.

Os rexedores municipais acordaron a cesión por parte do Concello de Vigo do Pavillón de As Travesas, cun aforo de preto de 4.000 persoas, para a celebración dos partidos que o equipo de balonmán guardés ten que afrontar como campión da Liga Loterías.

O rexedor da cidade olívica amosou total disposición a colaborar coas demandas plantexadas por Antonio Lomba e o presidente do clube, de xeito que o conxunto guardés dispón das instalacións para a celebración do



partido da Supercopa de España no caso de que éste se celebre en Galicia. O campionato,

que terá lugar o primeiro fin de semana de setembro, enfrontará ás campioas de Liga co Roca Gran Canaria, vixente campión da Copa da Raíña.

De ser necesario, o clube tamén poderá contar coas instalacións do Pavillón para a celebración da fase previa da Liga de

Campións a nivel europeo, na que se enfrontarán ó Thüringer HC alemán no segundo fin de semana de setembro.

O alcalde de A Guarda, que mostrou a súa gratitude pola dispoñibilidade do rexedor vigués, aproveitou para agradecer a Caballero a cesión do autobús descuberto, que serviu ás campioas para a celebración do título de Liga o pasado mes de maio.

O Goián asina un convenio de colaboración co Celta de Vigo.



Os rapaces e rapazas do Goián Club de Fútbol convértese deste xeito nos primeiros xogadores do Baixo Miño en formar parte da Escola de Fútbol do Celta.

A sinatura do convenio tivo lugar no Concello de Tomiño e contou coa presenza da Alcaldesa de Tomiño, Sandra González; o Concelleiro de Deportes do Concello, Ismael Troncoso; e persoas representantes do RC Celta de Vigo e o Goián CF.

Ao longo da colaboración o Celta transmitirá os seus coñecementos deportivos aos adestradores e monitores do Goián durante as vindeiras tempadas. Os coñecementos compartidos

non estarán baseados unicamente en aspectos técnicos, senón que buscan ir máis aló e incluír tamén métodos socio-deportivos e socio-educativos que fomenten valores e habilidades como o traballo en equipo, respecto e cooperación, convivencia ou compañeirismo entre outros.

Os aproximadamente 100 mozos e mozas que se verán favorecidos por este convenio, encádranse dentro das categorías inferiores, ata a de xuvenís, e supón sen dúbida, unha oportunidade de mellora e adaptación para progresar nas novas técnicas de adestramento existentes na actualidade.

Festival Ribeiro Son de Viño no Grove

Malandrómeda, Escuchando Elefantes, De Vacas, Sen Senra e Kings of the Beach serán os protagonistas musicais da próxima edición do Ribeiro Son de Viño. Cada un deles harmonizará coas súas cancións os viños das adegas Alberte, Viña Meín, Viña Costeira, Eduardo Bravo, Villanueva e Son de Arrieiro.

Ribeiro Son de Viño é o único festival de Galicia que combina música en directo con degustacións de viños da Denominación de Orixe Ribeiro, na contorna privilexiada de San Vicente do Mar. Por cuarto ano consecutivo volverá traer a este recuncho costeiro de fama internacional o mellor dos seus viños a través da mellor música.



Corenta xogadores do Club Billar Sportivo participan no Campionato Galego

Corenta xogadores do Club Billar Sportivo de Ponteareas participarán nos Campionatos Galegos que se xogarán en Lalín durante dúas fins de semana deste mes de xullo (7,8,9,14,15 e 16 de xullo).

Os ponteareáns xogarán en diversas modalidades e categorías destacando os doce xogadores menores de catorce anos da Escola de Billar Sportivo e os xogadores veteranos que, ano tras ano, non faltan nestes

grandes eventos obtendo moi bos resultados acadando máis de dez títulos galegos nestes últimos anos.

Os campionatos xogaránse no pavillón Lalín Arenas donde instalarán 39 mesas de billar para que participen máis de mil xogadores de toda Galicia.

Os xogadores do Club Billar Ponteareas queren agradecer aos seus patrocinadores e ao Centro Artístico Sportivo o apoio brindado.

Capítulo da Irmandade dos Vinhos Galegos



Na capela do Pazo de Ulloa, en Cambados, a Irmandade dos Vinhos Galegos incorporou novos irmandinhos com o gallo da celebración do seu Capítulo correspondente ao Solsticio de Verão, que discurriu o resto do evento no patio e Salons do Parador Nacional de Camba-

dos, con asistencia de mais de medio centenar de confrades propios e da Confraria do Vinho Verde, que catarom varios vinhos brancos e tintos da comarca. Na imaxe, o preboste da Irmandade, Nemésio Barxa, com o Sanedrim e padrinho da a bemvinda a um novo irmandinho

Redacción

Santa Marta de Ribarteme renova con milagres unha tradición de catro séculos

Por Juan Louzán.

Milagre é xuntar cada ano, cada década, cada século, miles de fieis nunha romaría, novenas, misas, procesións, promesas reflectidas nos cadaleitos cunha emoción indescribible e constante.

Non só acompañan a Santa Marta os seus tradicionais fieis e romeiros. Tamén lle piden que intermedie en axuda divina para os familiares dos devotos da Virxe do Carme, de Santa Catalina, da Guía, de santa Tegra, de san Cayetano, das Mercedes, san Roque, san Blas, Almuena... É inquebrantable a fe dos crentes, de aí que se diga "a fe move montañas".

Xullo, en As Neves, sempre ten un especial fin de mes, en forma de palpitacións no cora-

zón dos fieis mais devotos e entregados a milagrosa santa.

O paso do tempo non fai máis que alimentar a fe, esperanza, confianza, agarimo, admiración e unión de familias, amigos, veciños e turistas que chegan de todos os Continentes. É grande a diversidade de crenzas e relixións de moitos peregrinos, pero buscan algo novo en Santa Marta de Ribarteme. Todos os que acompañan a esta Santa, transmiten paz e sentimentos na xuntanza cos romeiros.

Os forasteiros non só descobren as marabillas da saborosa, a variedade, saudable e inmensa gastronomía galega, senón tamén unhas privilexiadas paraxes e rutas divinas.

Sobre todo impresiona ver a multitude apiñada ao redor dos cadaleitos, levados sobre

os ombros de amigos e familiares, e no seu interior persoas vivas e curadas, nuns casos, e noutros, cun parente en recordo do ser ausente pese a poñer todo ao seu alcance para curalo. Honrar a memoria dos defuntos é o máis importante, así mesmo a Santa Marta. Este feito queda probado cada ano, en cada romaría, en cada procesión e misas.

A milagreira santa e a súa romaría, son cada ano máis populares e atraentes grazas a outro milagre: as redes sociais de todo o mundo. Certo. Pero non debemos esquecer que toda fama se debe a unha boa base, consolidación e promoción: doazón de imaxes, colaboradores e fieis cun traballo diario desde o anonimato. Santa Marta de Ribarteme sempre presente.



SANTA MARTA

DE RIBARTEME - AS NEVES

SOLEMNES FUNCIONES RELIGIOSAS

Los días 28, 29 y 30 de Julio de 2017

La novena comenzará el día 19 de Julio y será a las 9,00 de la noche, excepto los festivos que será a las 11,00 de la mañana.

DIA 28 * Misa Solemne a las 12:00 con Procesión, acompañada por el

* Gran verbena con los grupos:

FAMA Y NIEVLA

DIA 29 * Desde las 7,30 de la mañana habrá Misas de hora en hora, hasta la una, siendo la Solemne a las 12 con Procesión. (A partir de las 10 misas en el exterior bajo carpa).
* A las 7 de la tarde habrá Misa Rezada.

LA ROMERÍA DE SANTA MARTA ES LA MÁS ANTIGUA DE LAS ROMERÍAS GALLEGAS. POR SU TIPISMO ÚNICA...POR SU PAISAJE INCOMPARABLE...POR SU FE CONSOLADORA.
* Actuarán las Bandas de Música:

LIRA DE RIBADAVIA y BANDA DE MÚSICA UNIÓN DE GULANES

DIA 30: * A partir de las 11 de la noche verbena acompañada por la ORQUESTA.
* Misa rezada a las 12 solemne con procesión acompañada por el

SOLORA Y SAUDADE

* Gran verbena con las orquestas:

NOTA: La subasta de puestos será el día 16 de Julio a las 10 de la mañana. Fecha en la que se cobrará el 100% de los mismos.

→ AMPLIO APARCAMIENTO →

Compañía Condado Paradanta

QUEIXO E MEL DAS NEVES

Praza Maior, 8 - Tifs. 986 66 46 02
609 59 27 02 * 986 64 85 13
As Neves * Pontevedra

www.requesonymiel.es * e-mail: comercial@requesonymiel.es




Restaurante O'Caldiño

Cocina Tradicional gallega.

Carnes, pescados y mariscos de Galicia.
Cocina abierta permanentemente.

C/Lagasca 74. Metro: Serrano. Madrid

Tlf: 91 575 70 14 - 91 575 14 48.



Novas da Raia

Redacción

A quinta edición do Festival Groba achega a música clásica a tódolos públicos

O Concello de Ponteareas acolleu a presentación da V edición do Festival Groba que terá lugar dende o día 11 ao 18 de agosto de 2017.

O Secretario Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, Anxo Lorenzo, o Deputado Provincial de Cultura, Xosé Leal e o propio compositor, Rogelio Groba, quixeron arroupar e apoiar hoxe á Orquesta de Cámara Galega, organizadora do Festival Groba, e ao Concello de Ponteareas como anfitrión e colaborador deste importante certame musical.

Na súa intervención Anxo Lorenzo destacou a tradición musical da vila e da comarca en xeral e a importancia de que neste ano se celebre a quinta edición síntoma da consolidación dun certame único en Galicia.

No acto de presentación do V Festival Groba, o Deputado Provincial, Xosé Leal, reseñou que este festival é un claro exemplo de a música de cámara non se concibe só para as grandes cidades, “sendo un exemplo de cara a todo o público e aos propios músicos convidados de que un festival desta calidade e magnitude tamén é posible en vilas máis pequenas. Os festivais teñen que topar o seu oco e o seu público e nese punto que é seu ofrecer calidade”.

Rogelio Groba Otero, director artístico do Festival, fixo un repaso pola programación suliñando a capacidade de promocionar os

músicos da terra e facelos convivir e compartir cartaz durante estes cinco días con músicos recoñecidos do panorama internacional. Para Groba un dos obxectivos do festival é achegar a música de cámara ao público, facendo a cultura accesible.

“O obxectivo deste festival é levar a música clásica ao maior número de persoas coa orixinalidade e privilexio de levar o nome dun compositor vivo que sigue a crear, a compor e a traballar ofrecendo a posibilidade aos novos músicos de coñecelo e de traballar conxuntamente”, engade Groba Otero.

Músicos galegos como o violonista Pablo Vidal ou o israelí Guy Braunstein danse a man no V Festival Groba. Clara Jumi Kang ao violín, á viola Miguel Dasilva e Helene Deisant, ao cello Anastasia Kobekina e tamén Leonard Elschenbroich ou ZVI Plesser e a ponteareá Alba Reiris ou o compostelá Manuel Lorenzo comparten cartel cos pianistas Sunwook Kim, Julien Quentin, Anna Crexells e Antía Couto e tamén cos frautistas Gili Shwarzman, Bernabé Simes ou a soprano Isabella Gaudí, sen esquecer a Ramón Pérez ao clavicémbalo e ao compositor Luís Álvarez.

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, agradeceu o traballo da organización ao ofrecer a tódolos veciños unha semana de música clásica propia dos grandes audi-

torios e teatros de todo o mundo, levando, unha vez máis, o nome de Ponteareas a escalas internacionais.

Formación e estreas

En canto á vertente de formación artística para o alumnado participante, o festival centrará o seu repertorio nos conxuntos de cordas e piano. Ademais, prestarase unha atención especial á divulgación do compositores galegos, concretamente ao compositor lucense Luís Álvarez Cabado e, consonte aos obxectivos da iniciativa, ao mestre Rogelio Groba. Este ano, en colaboración coa Fundación Groba, o festival estreará “Na suaviña”, unha obra escrita especificamente para a ocasión polo compositor ponteareán, creada para soprano e orquestra.

Outras composicións de Groba, xunto con pezas habituais do repertorio internacional de autores como Haendel, Brahms, Mendelssohn, Holst, Telemann e Dvorak completan a oferta musical do festival.

Este ano os artistas nacionais e internacionais convidados interpretarán algunhas das obras máis aclamadas polo público nas edicións anteriores convertendo así esta edición nunha especie de caleidoscopio histórico das actividades artísticas do festival.

Pedagoxicamente, e para reforzar a vinculación do festival cos novos talentos, o Festival Groba



2017 ofertará un curso de violonchelo e, debido ao éxito da pasada edición, impartirase tamén un curso de biomecánica adicado á educación postural dos intérpretes previa inscrición na páxina web www.festivalgroba.com donde se poderán consultar os requirimentos.

A V edición do Festival Groba dará comezo o día 11 e estenderase ata o 18 de agosto. A OCGa,

como orquestra residente, abrirá e pechará o Festival Groba con dous concertos sempre ás nove da noite do 11 e 18, ademais dun terceiro concerto o luns 14.

O resto da semana, cada día ás nove da noite, haberá un concerto interpretado por un elenco de artistas de gran traxectoria internacional e unha ampla representación de novos talentos de Galicia.



A Deputación achega 524.000€ para converter ao Castelo de Sobroso nun espazo de atracción turística

A través deste investimento prevense realizar, ao longo do 2017, actuacións para conservar e manter o Castelo e poñer en marcha unha senda circular polo Bosque Atlántico

A Presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, asinou esta mañá un convenio de colaboración co alcalde de Pontearreas, Xosé Represas, mediante o cal a institución provincial alcanzará preto de 384.000 € para conservar e manter o Castelo de Sobroso. Este convenio, xunto ás actuacións que a Deputación vai realizar este verán no Bosque Atlántico do recinto, suporán un investimento total de 524.000 € durante o 2017.

Carmela Silva asegurou que a través deste convenio, por valor de 383.822,53 €, “pretendemos levar a cabo obras de conservación e mantemento, tanto no que se refire á limpeza como á reparación da edificación, a renovación da iluminación, das instalacións e carpinterías de madeira, así como todas aquelas obras complementarias precisas para que o recinto se atope en perfectas condicións e poder levar a cabo a musealización no 2018”.

A sinatura do convenio, segundo declarou a Presidenta Provincial, “tiña que ser un acto especial, no propio Castelo de Sobroso, como manifestación do noso compromiso co mesmo e a nosa vontade de convertelo nun centro de atracción turística, cheo de contido e vertebrado arredor da cultura e da natureza”. Por ese motivo, no transcurso do acto tivo lugar unha representación teatral, a cargo de Troula Animación, protagonizada por Dona Urraca, unha das figuras históricas vencelladas ao Castelo de Sobroso.

As obras de conservación e mante-

mento que se van realizar neste recinto histórico, segundo adiantou Silva, son previas ao proxecto de musealización a través do cal se vai converter o Castelo de Sobroso nun centro cultural e natural que permitirá aos visitantes coñecer a historia do recinto pero tamén o Bosque Atlántico que se atopa ao seu carón. Ao respecto, a Presidenta da Deputación asegurou que “estamos a traballar xa na mellora do Bosque Atlántico, naturalizando o entorno forestal dos xardíns do recinto a través da retirada de especies invasoras, sobre todo acacias, e tamén estamos a executar unha senda circular que permitirá dar a coñecer as especies arbóreas que se atopan nel”.

A senda circular polo Bosque Atlántico, cun orzamento que ascende aos 118.000 €, incluírá seis paneis tecnolóxicos con contidos en inglés, castelán e galego elaborados por especialistas no coñecemento do Bosque Atlántico, integrado por especies como os carballos, castiñeiros, sobreiras, camelias, cipreses e árbores froiteiras.

Pola súa banda, o Alcalde de Pontearreas, Xosé Represas, destacou a importancia da colaboración entre a Deputación e o Concello e agradeceu á Presidenta a súa presenza e apoio. Represas asegurou que “o Castelo do Sobroso é un elemento patrimonial emblemático non só do noso Concello senón tamén de toda a comarca e mesmo da provincia e o seu entorno, ademais, posúe un gran valor natural polo que supón un atractivo turístico no que paga a pena investir tódolos esforzos”.

Fotografías: Hernández



Foto de familia na entrada ao Castelo do Sobroso.



Presidenta Deputación e alcalde asinando o convenio.



No exterior do Castelo



Representación de Dna. Urraca polo Grupo “Troula Animación”



MISIÓN ESPACIAL GALEGA

III E G

Vivamos como galegos!

GADIS

Redacción

Aberta a inscrición para o obradoiro de curtametraxe do FICBUEU

As e os participantes aprenderán sobre as distintas fases da realización e gravarán unha curta conxunta do 8 ao 16 de setembro

A organización do Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu vén de abrir a inscrición no obradoiro cinematográfico que se impartirá na vila do 8 ao 16 de setembro, coincidindo co desenvolvemento do FICBUEU 2017. As e os participantes aprenderán sobre as distintas fases da realización e acabarán

gravando unha curta conxunta, que se proxectará nesta décima edición do certame.

A diferenza do pasado ano, desta volta a actividade vai dirixida a persoas de todas as idades, a partir de 16 anos. Para apuntarse cómpre enviar un correo a produccion2@ficbueu.com indicando nome completo,

idade, teléfono de contacto e enderezo electrónico. A inscrición estará aberta ata o 15 de xullo e logo sortearanse as oito prazas dispoñibles.

O obradoiro será impartido no Museo Massó por dous profesionais con ampla experiencia docente, os realizadores David Hernández e Álex Penabade, que xa se encargaron da actividade na anterior edición do FICBUEU. O resultado foi entón a curtametraxe 'El arte de elegir', elaborada de xeito moi participativo por un grupo de oito adolescentes en pouco máis dunha semana.



IX Travesía a Nado Udra-Pescadoira

O Concello de Bueu e o Club de Atletismo Corredoiras organizan o 15 de xullo a IX Travesía a Nado Udra-Pescadoira, que ten como obxectivo concienciar sobre a rexeneración deste último areal. Así, todas as persoas que queiran participar poden facer a inscrición previa a través da web www.pruebat.es antes do 13 de xullo, por un custe de 15 €.

Como cada ano, haberá tres saídas diferentes, que variarán segundo a escolla do nada-

dor/a. A primeira sairá ás 11.00 e ás 11.15 horas da praia de Anco- radoiro, cunha distancia a percorrer de 7500 metros. A seguinte será dende Mourisca ás 12 horas, e consta de 4000 metros, e a última será dende a praia de Beluso ás 12.40 horas, e un percorrido de 1500 metros. En todos os casos, a meta será o areal de Pescadoira.

A entrega de premios (só no caso do itinerario de 7500 me-



tros) será só para os tres primeiros clasificados/as en feminino e masculino unha vez rematada a travesía. Ademais, os nadadores/as terán a posibilidade de recibir un avituallamento durante a realización da travesía.

ARBO ROCK
29 XULLO 2017
 PARKING DISCOTECA NASYRA (ARBO)
 APERTURA DE PORTAS 21:00

BOIKOT OBÚS PARDAOS
 TRIBUTO HOMENAJE A LOS SUAVES

ENTRADA ANTICIPADA 10€ EN TAQUILLA 15€ +GASTOS DISTRIBUCIÓN

PUNTOS DE VENTA ANTICIPADA: WWW.NOTIKUMI.COM RIBADAVIA: BAR REBUS
 ARBO: O BARACHAS - LIBRERÍA CAPRICHOS - LIBRERÍA ARCO IRIS
 PONTEAREAS: OVELLA NEGRA VIGO: TIENDA ELEPE A CAÑIZA: R. CASA ELIGIO
 OURENSE: MOTORCYCLES SHOP SALVATERRA: TALLERES MINGOS PEUGEOT

COLABORAN

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA
 SISVENPVC
 Xirela
 Nolotire
 Concello de Arbo

ACAMPADA GRATUITA
 PATROCINA San Miguel

Festa Nacionalista do Baixo Miño

Todos os anos na comarca do Baixo Miño o BNG celebra a Festa Nacionalista, un momento de convivio, de reflexión política, de festa, de bo comer e con boa música.

Celebrarase no Concello da Guarda, no lugar coñecido como o Montinho, ao pé do monte Trega, o sábado 8 de xullo a partir das 20:30h.

Haberá actuacións do grupo de

rock "A Banda da Trastenda" e do grupo de música tradicional "Os Folieiros".

Para acompañar toda esta música haberá comida e bebidas a prezos populares.

O acto conta coa presenza da Ana Pontón, Portavoz Nacional do BNG e as intervencións de Ángel Baz, portavoz municipal da Guarda, e Laureano Muíños, responsábel comarcal.

Chega a Ponteareas o I Galician Beer Fest

O vindeiro 8 de xullo o Concello de Ponteareas acolle a primeira edición do Galician Beer Fest, un evento que aglutina didáctica, dinamización comercial e cultural e unha parte lúdica, que nace co obxectivo de ser o referente da cervexa artesanal en Galicia.

A asistencia confirmada das cervexerías artesanais Faxilda, Mendiña, Galician Brew, Saragal e Nós ofrece unha representación de primer nivel na cervexa artesanal feita en Galicia. Dentro das actividades programadas, haberá un obrador de elaboración caseira de cervexa,

música, catas, maridaxe, charlas e o I Concurso Galician Queen, no que a mellor cervexa recibirá o premio de 200 €. Ademais contarase coa asistencia do Xuíz da Copa do Mundo e Mestre Cervexeiro, Boris de Mesones (Xuíz da copa do Mundo) para falar das técnicas actuais de lupulización. Estará acompañado de Maria Xesús Pena (Directora do CIFP a Granxa) que explicará as posibilidades de formación no centro.

Toda a información está dispoñible na web www.galicianbeerfest.com



www.galicianbeerfest.com donde tamén se poderán realizar as inscricións para o concurso, obradoiros ou a posibilidade de ser xuíz do I Galician Queen.

Novas da Raia

Redacción

O artista Paco Pestaña expón en Viana do Castelo

A deputada de Cultura, Deseño e Artesanía, Pilar García Porto, mantivo en Lugo un encontro co artista lucense Paco Pestana, e cos portugueses Víctor Monteiro e Pedro Silva. A Deputación colabora co Instituto Politécnico de Viana do Castelo coa edición do catálogo da colección "Poesías e Ecombros" do artista multidisciplinar para a promoción e difusión da súa obra por toda a provincia.

A mostra do veciño de Castroviride, que está exposta ata o 30 de agosto no Instituto Politécnico de Viana do Castelo (Portugal), está composta por esculturas,



A Deputación colabora co Instituto Politécnico de Viana do Castelo.

ilustracións e poemas. Pilar García e os coordinadores da exposición valoraron futuras colaboracións entre a Deputación e o Instituto Politécnico de Viana do Castelo.

Banco Municipal de Livros Escolares em Monção

Com o objetivo de incentivar a recuperação de manuais escolares usados, disponibilizando-os gratuitamente a quem necessita, a Câmara Municipal de Monção, através do Banco Local de Voluntariado e dos serviços da biblioteca municipal, voltou a criar um Banco Municipal de Livros Escolares para o ano letivo 2017/2018.

A entrega decorre entre 1 de julho e 18 de agosto na Biblioteca Municipal de Monção, onde serão rececionados manuais escolares usados de todos os patamares de ensino (1º ao 12º ano). Posteriormente, serão tratados e preparados por voluntárias do Banco Local de

Voluntariado para serem entregues no início do ano letivo.

Realizando-se pelo sexto ano consecutivo, a iniciativa resultou, no último ano letivo, na distribuição gratuita de 322 livros por 68 crianças. Uma ajuda fundamental no processo de aprendizagem e na concretização de um ensino com igualdade de oportunidades para todos.

Além do desenvolvimento de um sentimento de partilha e solidariedade, o Banco Municipal de Livros Escolares visa o reforço de boas práticas de proteção e educação ambiental, fazendo uma gestão mais proveitosa do papel e a diminuição dos custos associados à aquisição dos manuais escolares.

O Turismo Creativo chegou ao Norte de Portugal

O Turismo Creativo chegou ao Norte de Portugal o 3 de xuño, baixo o tema dos Camiños do Contrabando en Vilarelho da Raia, Chaves. O lanzamento deste proxecto contou coa presenza de varios participantes de Portugal e España, adultos e nenos, e todos eles foron "contrabandistas" activos nesta recreación durante unha mañá. Foi un día moi intenso nunha actividade que ocorreu no medio da natureza, con

moito suspense e sorpresas. Moitos foron interceptados tanto pola Garda Fiscal Portuguesa como polos carabineiros galegos; foron detidos, as mercadorías aprendidas e feitos os respectivos autos.

No final da actividade os "contrabandistas" que chegaron a bo porto foron recompensados cunha nota de 100 pesetas cada un, e tiveron dereito ao mata-bicho e a unha merenda acompañada de pan de centeo cocido no forno do pobo, servida nun

parque de merendas ao aire libre. Visitaron os monumentos locais, con especial atención á fonte de augas minerais da Facha e o Museo Etnográfico de Vilarelho da Raia. A xulgar pola satisfacción de todos os participantes, principalmente dos nenos, os Camiños do Contrabando regresarán rapidamente. Así, queda lanzado este proxecto do Turismo Creativo, sociedade de tres empresas, Douro-Wellcome, Porto-Wellcome e Genione Galicia.



Decomisando o contrabando.

Aquamuseu acolheu reunião de trabalho de projeto aprovado pelo POCTEP



Os varios parceiros envolvidos no projeto "Migramiño-Minho, Proteção e conservação dos peixes migradores no rio Minho internacional e seus afluentes" reuniram, pela primeira vez, nas instalações do Aquamuseu do rio Minho, para definir e articular o processo de execução, após aprovação pelo Programa INTERREG V A (POCTEP).

Liderado pela Direcção Xeral de Conservación da Natureza, Consellería de Medio Ambiente, Territorio

e Infraestructuras, o projeto conta com uma dotação financeira de 2.131.550 €, cujo objetivo principal visa a melhoria da proteção e conservação do habitat fluvial da bacia do rio Minho, compreendendo o troço internacional e afluentes, assim como das espécies de peixes migradores presentes, nomeadamente lampreia, salmão, sável, savelha, truta marisca e enguia.

"Migramiño-Minho, Proteção e conservação dos peixes migradores no

rio Minho internacional e seus afluentes" tem ainda como parceiros: Instituto de Conservação da Natureza e das Florestas (ICNF), Confederação Hidrográfica del Miño - Sil, Administração da Região Hidrográfica do Norte ARH Norte (APA), Estação de Hidrobiloxia «Encoro do Cón» da Universidade de Santiago de Compostela, Centro Interdisciplinar de Investigação Marinha e Ambiental (CIIMAR), Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira (Aquamuseu do Rio Minho).

Cerveira-Tomiño implementam Provedoria de Cidadania e Orçamento Participativo Transfronteiriço 2018

Perante a presenza de varias entidades locais e regionais, os autarcas e vereadores dos concellos de Vila Nova de Cerveira e de Tomiño procederam, esta manñá, na Biblioteca Municipal de Cerveira, á presentación pública de dous projetos inovadores de carácter transfronteiriço, integrados na Agenda Estratégica para a Cooperación Transfronteiriça Cerveira-Tomiño: a Provedoria da Cidadania Transfronteiriça e o Orçamento Participativo Transfronteiriço 2018.

O presidente do Municipio de Vila Nova de Cerveira, Fernando Nogueira, subliñou que “se a cooperación transfronteiriça é hoje um desígnio dos Governos de Portugal e Espanha, declarado na Cimeira Ibérica de Maio, Cerveira e Tomiño têm sido precursores nesta matéria e com muitos e bons resultados. Temos um historial de relações formais e informais, e um vasto trabalho desenvolvido que está a ser cada vez mais consolidado e reconhecido por entidades regionais, como seja a aprovação da candidatura ao Interreg V-A com cerca de 500 mil euros”. Para a alcaldesa de Tomiño, Sandra Gonzalez, não restam dúvidas: “Juntos somos mais fortes. Há muitas potencialidades comuns que devem e têm de ser valorizadas em conjunto. E o futuro é esse, estar e trabalhar frente a frente”.

Em representação do Governo Gallego, Jesus Gamallo, salientou os antecedentes de cooperação entre as duas vilas minhotas, e elogiou “a verdadeira cooperação transfronteiriça existente entre Cerveira e Tomiño”. “Desde a Xunta da Galicia, estamos a valorizar o potencial das Eurocidades, já que estamos convencidos de que são

fundamentais para impulsar a cooperação e dinamizar a economia, ao aproveitar os recursos comuns”, assegurou Gamallo.

A Provedoria da Cidadania Transfronteiriça fica ao cargo de Maria de Lurdes Cunha (Vila Nova de Cerveira) e Zara Pousa Arbones (Tomiño), detentoras de um importante e rico currículo que lhes conferem as competências necessárias para desempenhar este cargo voluntário, e cujo objetivo é “garantir a defesa dos direitos e interesses das populações, como cidadãos europeus, perante os órgãos e serviços municipais dos dois concelhos”. Conscientes do desafio a enfrentar, mas com compromisso para o bem desempenhar, as provedoras vão promover, a partir de 1 de julho, um atendimento público conjunto, nas primeiras quartas-feiras de cada mês nos Paços do Concelho de Vila Nova de Cerveira e nas terceiras quartas-feiras, na Casa do Concelho de Tomiño, mediante marcação prévia por telefone.

No que diz respeito ao Orçamento Participativo Transfronteiriço, a edição 2018 apresenta como novidade uma maior autonomia e interatividade, ou seja, ao contrário da primeira edição em que coube aos grupos de trabalho definir e apresentar duas propostas para cada área para ser colocada a votação, este ano o processo permite que as próprias entidades dos dois lados se reúnam e trabalhem para apresentar projetos comuns nas áreas de Educação e Cultura; Deporto e Lazer e Território e Ambiente. Num orçamento global disponível de 20 mil euros, o processo arranca já a 15 de julho, através da plataforma eletrónica <http://participa-cerveiratomiño.eu>

Provedora Transfronteiriça



Maria de Lurdes Guerreiro Pereira Cunha, nas-

ceu em Gondarém em 1958. É licenciada em Matemática pela Faculdade de Ciências de Lisboa e Mestre em Administração Pública pela Universidade do Minho.

Iniciou a atividade profissional em 1980 na Escola Secundária de Vila Nova de Cerveira lecionando a disciplina de Matemática. No ano seguinte realiza estágio na Escola Secundária Machado de Castro, em Lisboa e posteriormente esteve sempre ao serviço na Escola de Cerveira, onde, para além da lecio-

nação da disciplina de Matemática desempenha diversos cargos.

Secretária do Conselho diretivo no ano letivo 1984/85 e presidente no biênio 1985/87. Com a fusão das escolas básica e secundária preside à Comissão Instaladora (1987/89) e preside ao Conselho Diretivo (1991/95).

No triénio 2010/13 exerce funções como representante do Ministério da Educação na Comissão de Proteção de Crianças e Jovens de Vila Nova de Cerveira.

Valedora Transfronteiriça



Zara Pousa Arbones, nasceu em Tomiño em 1968. É licenciada em Ciências

Económicas pela Universidade de Santiago de Compostela.

Iniciou a sua carreira profissional no ano 1992 no Banco Santander, trabalho que deixou para incorporar-se a postos vinculados coa administração pública em programas e proxectos financiados pola Unión Europea.

No ano 1994 comezou a traballar como formadora para a mellora da competitividade das PeMES nun programa promovido pola FEMP. En 1995 acada unha beca e incorpórase á Oficina de Axuda Humanitaria da Comisión Europea (ECHO)

en Bruselas e en 1996 inicia unha fase de formación especializada e traballos relacionados co emprego e o desenvolvemento local. De 1996 a 1998 foi a directora do Centro de Desenvolvemento Local de Mos.

Entre 1998 e 2010 ocupou diversos cargos dentro da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. Entre eles técnica de promoción económica e emprego (1998-2002), directora da Unidade de Promoción e Desenvolvemento (2002-2008) e Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (2008-2010).



Aldea Global

Redacción

Exposición de autores galegos na Fábrica do Humor, en Alcalá de Henares.

Por Francisco Puñal Suárez

O humor, ao ser arriscado e non ter fronteiras no país da imaxinación, é capaz de abordar creativamente, coas súas armas desacralizadoras, calquera tema da vida deste planeta.

Os caricaturistas coa súa creatividade, astucia e enxeño abordan a realidade do mundo sen concesións o riso fácil e denuncian múltiples aristas dun tema coa súa mirada, que pode ser riseira, poética ou satírica.

Galicia é unha nación de caricaturistas. Son moitos os exemplos na súa historia do humorismo gráfico que así o demostran. Castelao é o maior expoñente da arte galega da caricatura,

seguido por autores como Maside, Cebreiro, Torres, Fernández Mazas, Dichi, Seoane, e outros moitos que souberon, mediante o debuxo humorístico, expresar as súas preocupacións sociais e abordar a realidade do momento vivido.

Agora, co título de "Humor gráfico galego actual", a Fundación Xeral da Universidade de Alcalá e o Instituto Quevedo do Humor ofrecen unha exposición, comisariada por Siro López, que estará aberta ata o 23 de xullo na Sala A Fábrica do Humor, rúa Nova 4, en Alcalá de Henares.

Participan na mesma: Xaquín Marín, Xosé Luis González, Juan Carlos Abraldes, Ángel Rodríguez (Gogue), María José Mosquera (Sex),


Abraham Carreiro, Antonio Sabín (Tonisavski), Pepe Carreiro, Leandro Barea, Pinto & Chinto, Sabela Arias, Juanjo Estrada y Siro López.

"O humor gráfico galego actual - expresa Siro no catálogo- é moi variado. Hai boísimos viñetistas e caricaturistas que, gráficamente, falan idiomas diferentes. Esta exposición é boa mostra desa diversidade formal. A máis evidente é a diferenza entre os cartoonistas e os que fan un debuxo cuidadosamente elaborado; pero hai máis e descubrirlas será outro aliciente para o visitante".

O Farelo, en exclusiva para os seus lectores, ofrece algunhas caricaturas que integran a mostra.



Xaquín Marín



María José Mosquera. Sex



Xosé Luis González.



Sabela Arias



Juan Carlos Abraldes



Juanjo Estrada




Siro López



Abraham Carreiro.

Redacción



David Pintor y Carlos López_ Pinto & Chinto



Antonio Sabín Anca. Tonisavski



José Ángel Rodríguez López_Gogue



Pepe Carreiro

UCGAL e GADISA asinan un convenio de colaboración



O secretario xeral da Unión de Consumidores de Galicia, Miguel López Crespo, asinou hoxe co director de marketing de Gadisa Reail S.L.U. (GADISA), Antonio Cortés Lobato, un convenio de colaboración para garantir e mellorar a protección dos dereitos dos consumidores e usuarios galegos, así como para potenciar a información da sociedade en relación á distribución comercial minorista ó consumidor a través das cadeas de supermercados.

Ambas as partes consideran que a colaboración entre organizacións cidadás e corporacións empresariais contribúe ó desenvolvemento e mellor funcionamento tanto da sociedade como do sistema produtivo. Así mesmo, ven a

necesidade crecente de crear marcos estables de colaboración e coordinación entre o sector da distribución comercial e as entidades que traballan a prol da defensa das persoas consumidoras e usuarias. O diálogo permanente entre estas partes axudará a adaptar a información e a formación do sector da distribución ós novos requirimentos e circunstancias que afectan á sociedade.

As actividades de colaboración entre ambas entidades abarcarán desde campañas de información e sensibilización ata a realización de estudos e calquera outra acción que UCGAL e GADISA consideren de interese para a consecución dos obxectivos comúns pretendidos. O convenio terá unha duración dun ano e se prorrogará por iguais períodos de tempo.

Unha xunta directiva xestionará o proxecto europeo Poctep Raia Termal

O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), convocou, como beneficiario principal do proxecto Poctep Raia Termal, a reunión constitutiva da Xunta Directiva como órgano de decisión, recepción e emisión da información do proxecto, que estará asistida por unha Unidade de Xestión e Coordinación nomeada no mesmo acto.

Neste encontro constatouse que a consecución de fondos europeos é imprescindible para o desenvolvemento intelixente, sustentable e integrador das zonas máis desfavorecidas de Europa. As entidades promotoras do proxecto, capitaneadas pola CHMS e a Deputación contan como socios

coas cámaras municipais portuguesas de Melgaço e Terras de Bouro.

O ámbito no que se actuará correspóndese coas zonas termais transfronteirizas do río Miño, Concello de Cortegada e Cámara Municipal de Melgaço, e do río Limia, nos concellos de Lobios, Bande e Muíños, e a Cámara Municipal de Terras de Bouro.

Trátase da vertebración dunha rede de termalismo transfronteirizo; a recuperación ambiental e posta en valor de contornas naturais de espazos termais; a valorización e recuperación de infraestruturas e elementos patrimoniais termais; a xestión conxunta e a promoción de recursos e itinerarios termais de fronteira; e a difusión, coordinación e xestión.



Representantes portuguesas e galegas da xunta directiva.

XII Festa do Viño Tinto Rías Baixas en As Neves



Presentación da imaxe da festa, en Rubiós, coa presenza de emprendoras do Concello con vinculación ao turismo, hostelería e viticultura quixose subliñar a importancia da económica do sector e da festa na economía local. A Feira presentouse no Pazo de Mugartegui e en Cambados.

Como tódolos anos o segundo fin de semana de xullo, os días 8 e 9, acolle a festa do tinto Rías Baixas nas Neves, que chega a súa duodécima edición. Unha edición cargada de novidades que ten como preludio, do día 5 ao 7, unha cata, unha cea de maridaxe e unha charla, así como outras actividades paralelas como unha andaina con visita a adegas ou unha ruta de pinchos por locais da zona.

O mércores 5 as nove da noite no mercado municipal terá lugar a cea maridaxe na que a cocina estará a cargo dos cocineiros de A Xanela Gastronómica e os acompaña o sumillier Alejandro Paadín que fará a maridaxe dos pratos cos viños das tres adegas do Concello As Neves: Viña Nora, Abadía de Tortoreos, e Señorío de Rubiós. O custe é de 20 euros e as prazas son limitadas a 35 persoas.

O xoves 6, no mercado ás nove e media, a cata comentada de viños tintos de Rías Baixas para profesionais, estará dirixida polo sumiller José Aragunde. O aforo está limitado a 40 persoas, e tanto para a cata como para a cea de maridaxe tense que reservar praza nos teléfonos 686 978 607 ou 630 628 040.

O venres ás 20:30h. no Auditorio terá lugar unha charla e cata de viños biodinámicos e ecolóxicos, con técnicos da estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia, que presentarán as conclusións do proxecto de investigación que a Evega levou a cabo sobre os viños ecolóxicos, coa conferencia 'Estudo do comportamento agronómico de variedades autóctonas e a diversidade da poboación de fermentos en viñedo ecolóxico e convencional: influencia no viño'.

O sábado 8 abre a Feira do Viño, ás oito da tarde, e trala lectura do pregón haberá un espectáculo de Pablo Méndez Performance + BMPR seguido do DJ Bigote.


O domingo 9 de xullo, a Feira estará animada polo grupo de baile AC Ponte-

nova, pola tarde haberá obradoiros para cativos, que poderán disfrutar coa actuación do paíaso Rudi Dudi ás oito e media, e finalmente a verbena a cargo da orquestra Os Modernos, ás 22:30h.

A andaina "Camiñando entre viñedos" de Ruta do Viño Rías Baixas, 986 091 088 ou 687 523 230, terá o seu punto de encontro ás 9:30h. no pavillón polideportivo, de onde se trasladará á adega Señorío de Rubiós, desde onde comeza unha ruta de 7 kms., con paso por muiños en funcionamento e que chegará á adega Viña Nora para visitala. Á unha da tarde será o traslado dos participantes ao campo da Festa do Tinto para unha degustación de viños e pratos locais.

O Viñotren eo o Tunel do Viño, de 12 a 14h e de 20 a 22:30h, son outras actividades da Feira.

Ademais, con motivo desta Feira, organízase en As Neves a II Ruta dos pinchos do Tinto Rías Baixas, do venres 30 e ata o día 7 de xullo. Entre os que fagan a ruta completa sortearase unha noite con almorzo na Quinta de San Amaro Hotel e Restaurante en Meaño. Os que entreguen o pasaporte cun mínimo de tres sellos sortearanse dous lotes compostos por viño das adegas Abadía De Tortoreos e Señorío de Rubiós e conservas galegas. Participan neste evento os locais: Vide, Cafetería Novo STOP, Gastro As Neves (Centro Social), Donde vamos e Chiriguito Santa Mariña.



MÉRCORES 5 DE XULLO · CATA MARIDAXE · A Xanela Gastronómica e Viños das Adegas das Neves ás 21:00h no mercado. XOVES 6 DE XULLO · CATA PROFESIONAL · José Aragunde ás 21:30h no mercado VENRES 7 DE XULLO · CHARLA E CATA · Evega, Viños Biodinámicos e ecolóxicos ás 20:30h no Auditorio

*Todas as Catas terán aforo limitado, podes reservar praza nos teléfonos 686 978 607 e 630 628 040

SÁBADO 8 DE XULLO · APERTURA FEIRA · ás 20:00h · PREGÓN/ESPECTÁCULO · PABLO MÉNDEZ PERFORMANCE+BMPR despois DJ Bigote Mix

DOMINGO 9 DE XULLO · ANDAINA · Rubiós-Viña Nora-As Neves · VIÑOTREN · MÚSICA · Banda de gaitas e Grupo de Baile AC Pontenova de 10:30h a 14:30h · TÚNEL DO VIÑO · de 12:00h a 14:00h e de 20:00h a 22:30h · OBRADOIROS · para cativos pola tarde · TEATRO · Clowntaminación · Rudi Dudi ás 20:30h · ORQUESTRA · Os Modernos ás 22:30h